



<u>Acta número:</u> 6	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 06.05.2013	<u>Carácter:</u> Extraordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:12

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo
D. Miguel Ángel Meijón Couselo
D^a Eloisa María Nogueira Garrido
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustin Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García
(D. Xosé Luis Bará Torres e D. Vicente García Legísima, incorpóranse durante o punto 3 da orde do día)

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE DATAS 18.03.2013 E 22.04.2013.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias de 18.03.2013 e 22.04.2013, que son aprobados por unanimidade (23) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

Seguidamente, por encontrarse ausente o Concelleiro de Goberno delegado de Réxime Interior e Persoal, o **Sr. Alcalde-Presidente**, indica que, senón existe inconveniente por parte dos concelleiros, podería tratarse con anterioridade o punto 3 da orde do día, ao que mostran a súa conformidade os membros do pleno.

3.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO: ESTUDO INFORMATIVO DE “PROLONGACIÓN DE LA AUTOVÍA A-57 EN EL TRAMO PILARTEIROS-BARRO DE LA A-9 EN CURRO”. CLAVE EI-PO-25, PROMOVIDO POLA DIRECCIÓN GENERAL DE CARRETERAS DO MINISTERIO DE FOMENTO: PROPOSTA DE ALEGACIÓNS-INFORME MUNICIPAL..

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 18.04.2013, emitido sobre a proposta do Concelleiro de Ordenación do Territorio, de data 15.04.2013, relativa á formulación de informe-alegacións no trámite de información pública e oficial subsecuente á aprobación provisional do estudo informativo de “prolongación de la autovía A-57 en el tramo Pilarteiros- Barro de la A-9 en Curro”.

Incidencias.- Incorpóranse á sesión D. Xosé Luis Bará Torres e D. Vicente García Legísima.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. Mosquera Lorenzo**: Gracias, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas.

Este é un estudo informativo, se houbera, digamos a fase A, que xa a houbera hai tempo, agora ven o estudio informativo en si, ou fase B, senón me equivoco, da prolongación da circunvalación de Pontevedra A-57 entre Pilarteiros, entre Xeve e Curro, o nó de Curro. A Traza, en principio, coincide co que xa viñera en fases anteriores, supón unha alternativa, do informe municipal, que é o que se propón agora ratificar, porque xa se enviou, por prazos, a Fomento, fai notar este feito, o dano en principio é relativamente baixo para o que é unha infraestrutura de ese tipo, en todo caso o que hai, si tiña bastante máis o tramo anterior, e como xa leu o Secretario, está ditaminado por unanimidade. En todo caso que polo Concello que



non quede e que esta infraestrutura se faga canto antes.

Posteriormente á comisión chegou un escrito da asociación de veciños Tres Pinos no que, de unha maneira moi xenérica, di que se estude outra posible alternativa polos danos que ten iso, nin pon onde fan os danos nin que proposta, digamos de corrección non de trazado, pero polo menos que se corrixan eses feitos. É unha proposta moi xenérica que parece que a propia asociación tamén non quere dicir, claro, senón afecta a un vai a afectar a outro, entón queda un escrito moi así que se estude. Remitímoslo a fomento para que o teña en conta, non parece que haxa unha traza moito máis clara e con menos impacto que a que aparece no estudo, outra cousa é o entronque en Barro, en Curro, no que todas as administracións, digamos de ámbito local e autonómico, sexa Deputación, sexa o Concello de Barro, o Concello de Pontevedra, que tamén o reflexa no escrito e a Xunta parece que hai un entronque mellor que o que propón, que todos vemos que non é o correcto ou que é máis dañino, pois supoño que será consecuencia da evolución que van tendo os feitos, que se fan novas obras e non están recollidas, no estudo non están recollidos os novos feitos que hai naquel nó de Curro.

É todo o que hai.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, algunha intervención por parte dos grupos?.

Ten a palabra don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Aguilar Argenti: Buenos días. Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Sólo quere justificar nuestro grupo político el voto afirmativo a estas alegaciones que ya fue refrendado na comisión informativa previa a este pleno y justificarlo en que realmente esta sea una traza consensuada con este Ayuntamiento, desde el año 2008, que no ofrece para los técnicos de este Ayuntamiento, tanto el informe de Arquitectura, como el de Ingeniería, como el de Arqueología, no ven ninguna dificultad para que esta traza se pueda mantener donde esta proyectada.

Ante esta situación, nosotros no vemos ninguna dificultad, y esto es lo que nos ha llevado a dar este voto afirmativo que vamos a dar en este pleno.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, presta a súa aprobación á proposta do Concelleiro de Ordenación do Territorio e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Comunicar á Secretaría Xeral de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento que a alternativa elixida no Estudo informativo "Prolongación da autovía A-57, no seu tramo: Pilarteiros-Barro e conexión coa AP-9 en Curro provincia de Pontevedra" coincide coa consensuada con este Concello e estímase como a máis adecuada para conectar a circunvalación de Pontevedra co enlace de Curro e darlle continuidade, coa AP-9 e a restante rede viaria que distintas administracións atópanse desenvolvendo nesa zona, sendo a alternativa que se considera por este Concello desde o ano 2008 para a realización dos estudos

referidos ás infraestruturas de transporte.

Segundo.- Prestar conformidade aos informes municipais emitidos polo Arquitecto Xefe da OTPXU, polo Enxeñeiro xefe da OTMAIE e polo Arqueólogo Municipal en datas, 13.03.2013, 12.04.2013 e 15.04.2013, respectivamente, que se remiten como informe municipal ao abeiro do disposto no art. 10 da lei 25/1988, do 29 de xullo de estradas, para constancia no trámite de información pública e oficial subsecuente á súa aprobación provisional, formulando como observacións ao trazado proposto e en relación aos intereses deste Concello, as contidas nos referidos informes municipais.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo xunto con copia dos informes evacuados, á Secretaría Xeral de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

2.- RECURSOS HUMANOS: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (abstención do grupo municipal do PP), da Comisión Permanente de Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 18.04.2013, emitido sobre a proposta do Concelleiro delegado da Área de Persoal e Réxime Interior, de data 09.04.2013, relativa á modificación do cadro de persoal do Concello.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra a don Vicente García Legísima, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. García Legísima**: Bo día, gracias. Desculpar o retraso pero foi alleo á vontade nosa.

Primeiro, xa se fixo na comisión do seu día, pedirlle desculpas aos compañeiros do Partido Popular por non haberlle entregado antes a proposta pero non foi, digamos, achacable á concellería, senón que os avatares administrativos levan o seu tempo e o que requiría era a urxencia, como se di na propia proposta, de que, sobre todo, o dos Auxiliares Administrativos que superaron a proba e pasaron a Administrativos tomen posesión o día 1 de xullo.

A modificación da RPT consta de dous apartados relacionados: o primeiro, é a transformación das prazas de Auxiliares Administrativos, que é unha cuestión que se ven facendo xa nos últimos anos, dado que seis funcionarios deste concello superaron as probas de promoción interna para administrativos e un libre e tomarán posesión o 1 de xullo, pois considérase necesario transformar esas prazas de Auxiliar Administrativo en Administrativo. A segunda é unha modificación que ven motivada porque hai unha traballadora social en Benestar, suxeita a subvención que é un contrato e supera o ano de duración e tamén, habitualmente, vense incorporando á RPT. A relación xurídica que había, é o terceiro, de persoal laboral, algún que algunha sentenza lle recoñeceu a indefinición e tamén é necesario incorporalo. A última é no cemiterio, con motivo da xubilación de un traballador que a relación que o unía con este Concello era de carácter laboral tamén se considera oportuna transformala en funcionario administrativo, estas son as modificacións que se traen na RPT.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. García Legísima.

Ten a palabra dona Eloísa Nogueira Garrido, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

A Sra. Nogueira Garrido: Primeiro, quero manifestar o noso voto a favor de esta proposta, estamos falando de unha proposta avalada polos informes favorables dos técnicos do Concello e consensuada nunha mesa de negociación cos sindicatos. Nós, o grupo municipal do Partido Popular esta neste concello para axudar a solucionar problemas e non para poñer trabas, para axudar á gobernabilidade do mesmo, estamos aquí para sumar, esperando que cando nós traíamos unha proposta a resposta sexa a mesma.

Antes gustaríame facer un par de puntualizacións, a pesar de que o Sr. Legísima xa se desculpou por traer o expediente á Comisión, entendo que está vostede votándolle a culpa aos funcionarios, rógalle que, por favor, cando poida facilítenos a información un pouquiño antes e non na comisión xa minutos antes de empezar dado que esta moción creo que se converte en urxente porque pillalles o touro, os traballadores teñen que tomar posesión, como vostede acaba de dicir, en xullo, isto supoño que levará un trámite administrativo, quero pensar que vostedes isto xa os sabían de antemán porque penso que non é a primeira vez que se está facendo esta práctica. Entón, ao noso entender, esta é unha mostra de desorden da súa política.

Pídolle tamén que nas comisións informativas, sexan informativas de verdade, se utilicen menos termos como podería ocorrer ou cousas desas, se pode ser que concreten un pouquiño máis.

Por outra parte, todos sabemos que a pesar de non ter que modificar o presuposto prorrogado porque non dispoñemos de orzamento do 2013 ou equivócome, ao mellor, segundo o informe de Intervención hai crédito na partida de gastos de persoal suficiente porque segundo o informe de Intervención vostedes non adxuntaron ningunha valoración económica que cuantifique o que lle vai supoñer ás arcas municipais a modificación do cadro de persoal, non sei porque se empeñan en ocultar este gasto cando se tivésemos un novo orzamento non habería ningún problema en contemplalo. Penso que vostedes están moi cómodos nesta política que levan de escurantismo, ou parece escurantismo porque non sei por que se empeñan en ocultalo, sempre nadando contra a corrente tamén. Creo que deberían poñer un pouquiño máis de interese porque ao final o que están utilizando é o diñeiro dos pontevedreses.

Recalco, votamos a favor desta proposta para non prexudicar aos traballadores que terán que tomar posesión en breve pero esta forma que teñen de proceder non nos parece a correcta, a presa e correndo, parécenos unha falta de previsión e control pola súa parte.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sra. Nogueira.

Sr. Legísima, ten a palabra.

O Sr. García Legísima: Brevemente.

Menos mal que anuncian o voto a favor, se o chegan a anunciar en contra ou a absterse non sei o que dirían. Mire, a min dificilmente me vai coller o touro como vostede di, nin en este caso me colleu, por razóns obvias que non veñen ao caso.

Do que é o tema dos funcionarios, en ningún momento lle votei a culpa aos funcionarios e comparto a responsabilidade e asúmoa, eu son a cabeza visible neste caso do expediente, outra cousa é que diga que a máquina administrativa funciona como funciona, e o que me agrada e sorprende e que vostede co pouco tempo que leva aquí pois coñeza todos os vericuetos desta administración, xa me gustaría a min, co tempo que levo, un pouco máis que vostede, ter eses coñecementos que vostede demostra aquí con este tipo de intervencións.

Escurantismo, ningún, pode unha omisión pero escurantismo ningún, o expediente está aí. Creo que nas comisións informativas se lle informa, máis, menos, de todo o que se fai, non sei vostede se ten vido a unha ou a dúas pero ata a data eu coméntolle a todos os membros da comisión as cousas máis relevantes que levan ocorrido entre comisión e comisión, as negociacións que hai coa Mesa, etc., e o que non hai non llo podo comentar.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Legísima.

Sra. Nogueira, ten a palabra.

Sra. Nogueira Garrido: Sr. Legísima, parece que lle molesta que na oposición nos preocupemos polos temas do Concello, como di que estou enterada, ao mellor moléstalle que nos preocupemos, non sei, aínda que lle moleste este é o noso traballo.

Non se equivoque, eu non estou cuestionando a modificación, estou cuestionando as formas, as formas nas que vostedes meteron a modificación na comisión e, por suposto, traída ao pleno. Paréceme que esta non é a forma de proceder correcta, creo que non é a forma de proceder correcta e para nós é unha representación do desorden e do descontrol que teñen nas súas políticas, non me estou metendo coa modificación do cadro de persoal, non se equivoque, escoite polo menos.

Por outra parte, di que nas comisións informativas se contesta con precisión, ten razón só asistín a dúas pero á primeira que asistín o 13.03.2013, non sei se o recorda, mire na acta se quere, fíxenlle unha pregunta, pregunteille se algún contrato laboral temporal podería derivar en indefinido e vostede a isto contesta que podería ocorrer. Na seguinte comisión, que é o 18.04.2013, vostede trae a modificación do cadro de persoal que conleva que dúas persoas que están a contrato temporal derivan en indefinidas, quero pensar que vostede o 13.03.2013 tiña coñecemento de isto, quero pensalo.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade, e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 18.04.2013, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos nos termos que figuran a continuación, quedando da forma que figura como ANEXO I a este acordo, con efectos do 1 de xullo de 2013:

a) Crear 6 prazas de administrativo da subescala administrativa da escala de administración xeral e suprimir 6 prazas de auxiliar administrativo da escala de administración xeral.



- b) Crear un posto de traballadora social como persoal laboral temporal por ter unha duración superior a un ano.
- c) Incorporar ao cadro de persoal os cambios nas relacións xurídicas do persoal laboral.
- d) Crear unha praza de sepultureiro da clase de persoal de oficios, da subescala de servizos especiais da escala de administración especial e suprimir un posto de operario de persoal laboral fixo no servizo de cemiterios.

Segundo.- Someter o expediente aos requisitos de publicación do artigo 169 do Texto Refundido 2/2004 polo que se aproba a Lei de facendas locais, do 5 de marzo, con información pública polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións, de conformidade co artigo 126 do Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Terceiro.- De non ter presentado reclamación ningunha, o acordo de aprobación inicial entenderase definitivo, entrando en vigor o día 1 de xullo de 2013, previa publicación no xeito previsto no artigo 169.3 do Texto Refundido 2/2004 polo que se aproba a Lei de Facendas Locais, mediante a publicación no BOP. Asimesmo remitirase unha copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

ANEXO I

CADRO DE PERSOAL 2013

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL:			
Secretario Xeral do Pleno	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Interventor Xeral Municipal	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Secretario da Administración Municipal	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
Órgano de Xestión Orzamentaria e Contab.	A1	1	LD (cubertas concurso)
Adxunto Órgano Tesourería e Xestión Trib.	A1	1	LIBRE DESIGNACIÓN
ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL:			
<u>a) Subescala Técnica</u>			
Técnico	A1	19	
<u>b) Subescala Xestión</u>			
Técnico Medio	A2	3	
<u>c) Subescala Administrativa</u>			
Administrativo	C1	57	
<u>d) Subescala Auxiliar</u>			
Auxiliar	C2	28	
<u>e) Subescala Subalterna</u>			
Ordenanza	AP	8	
Subalterno	AP	8	5 reservadas a segunda actividade
ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
<u>a) Subescala Técnica</u>			
<u>Clase: Técnicos Superiores</u>			
Técnico	A1	1	Licenciado en dereito

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Técnico Superior Contabilidade e Presup.	A1	1	Ldo dto., admón. e direcc emp, economía, CC actuar e finan, económicas ou empresariais
Enxeñeiro Industrial	A1	2	
Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos	A1	2	
Arquitecto	A1	4	
Arquiveiro	A1	1	
Pedagogo	A1	1	
Arqueólogo	A1	1	A Tempo Parcial
<u>Clase: Técnicos Medios</u>			
Aparellador-Arquitecto Técnico	A2	4	
Enxeñeiro Técnico Obras Públicas	A2	1	
Enxeñeiro Técnico Industrial	A2	1	
Enxeñeiro Técnico en Topografía	A2	1	
Técnico Medio de Arquivos	A2	1	
Técnico Medio en Turismo	A2	1	
Asistente Social	A2	3	
Educador Social	A2	1	
Técnico Medio Relacións Laborais	A2	1	DRL, DCCEE, 1ºCiclo LADE, 1ºCiclo LD
Técnico Prevención Riscos Laborais	A2	1	T. S. Ergonom, seguridade, hixiene
Técnico Medio en Medio Ambiente	A2	1	
Técnico Medio en Medio Ambiente Natural	A2	1	ENX. T: F o A
<u>Clase: Técnicas Auxiliares</u>			
Delineante	C1	4	
Técnico Mantemento Teatro Principal	C1	1	
Inspector auxiliar de Tributos	C2	1	
b) Subescala de Servizos Especiais			
<u>Clase: Policía Local</u>			
Intendente Principal	A1	1	
Intendente	A1	1	
Inspector Principal	A2	2	
Inspector	A2	6	
Oficial	C1	13	
Policía	C1	100	
<u>Clase: Servizo Extinción de Incendios:</u>			
Oficial	A1	1	
Sarxento	C1	1	
Cabo	C2	5	
Bombeiro	C2	10	
Bombeiro-Conductor	C2	25	
<u>Clase: Prazas de Cometidos Especiais:</u>			
Inspector de Tributos	A1	1	
Técnico Informático	A1	1	
Técnico Cultural	A1	1	
Subinspector de Tributos	A2	1	
Técnico Medio Informático	A2	2	
Técnico Medio en Xardinería	A2	1	
Administrativo-Informático	C1	1	



DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Informático	C1	2	
Técnico Conser. e Mantemen. Semáforos	C2	1	
Vixiante	AP	11	
Porteiro Colexio Publico EXB.	AP	8	
Clase: Persoal Oficios			
Mestre Xardineiro	C2	1	
Mestre Electricista	C2	1	
Mestre Obras	C2	1	
Conductor Mecánico	C2	1	
Oficial de obras	C2	4	
Oficial Xardineiro	C2	3	
Oficial Electricista	C2	4	
Oficial Albanel	C2	6	
Oficial Canteiro	C2	1	
Oficial Carpinteiro	C2	1	
Sepultureiro	C2	3	
Axudante Electricista	AP	5	
Axudante Albanel	AP	1	
Conductor Mecánico	AP	1	
Conductor	AP	2	
Sepultureiro	AP	1	
Operario	AP	29	
Operario Limpeza Oficinas	AP	4	
Operario Limpeza Teatro	AP	1	
Operario-subalterno	AP	5	

B) PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
PROMOCIÓN ECONÓMICA:			
Técnico Local de Emprego	2	Indefinido	
SERVIZO BENESTAR SOCIAL:			
Psicólogo	1		
Educador Familiar	1	Temporal	A tempo parcial
Asistentes Sociais	4	Temporal	
Traballador Social	4	Temporal	
Auxiliar	1	Temporal	
UNIDADE DE CULTURA:			
Auxiliar	1	Temporal	
CONSERXERÍA COLEXIOS PÚBL:			
Porteiro Colexios Públicos	2	Fixo	
OFICINA XUVENIL:			
Animador Xuvenil	1	Indefinido	
Informador Xuvenil	1	Indefinido	
Monitor Tempo Libre	1	Indefinido	
CENTRO AST.DROGODEPENCI:			
Médico Psiquiatra	1	Indefinido	
Médico	1	Indefinido	

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
Psicólogo	2	Indefinido	
Asistente Social	1	Indefinido	
Axudante Técnico Sanitario	1	Indefinido	
Auxiliar clínica	2	Indefinido	
Auxiliar Administrativo	1	Indefinido	
PMD. U. DÍA DROGODE. PREVENC.:			
Psicólogo	1	Indefinido	
Monitor-Educador	1	Indefinido	Asimilado Gr. A2. Tempo parcial.
Monitor Cursos Informática	1	Indefinido	tempo parcial
OFIC. TEC. INSPECCIÓN:			
Delineante	1	Fixo	
OFIC. TEC. PLANEAM. E XESTIÓN:			
Delineante	1	Fixo	
Auxiliar	1	Temporal	
OFIC. TEC. MED. AMBIENTE E INF.:			
Delineante	1	Fixo	
SERVIZO DE CEMITERIO:			
Operario	1	Temporal	
FISCALIZACIÓN GASTOS-INGRES.:			
Auxiliar	1	Fixo	
SER. XESTIÓN E INS. TRIBUTARIA:			
Delineante	1	Fixo	
SERVIZO DE MERCADOS:			
Vixiante	1	Fixo	
SERVIZO DE NOR. LINGÜÍSTICA:			
Asesora Lingüística	1	Temporal	
ARI ESTRIBELA			
Arquitecto	1	Temporal	
Arquitecto técnico	1	Temporal	
Auxiliar	1	Temporal	

C) PERSOAL EVENTUAL DE CONFIANZA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	NÚMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
GABINETE DA ALCALDÍA		
Técnico Relaciones Públicas e Protocolo	1	
Técnico de Comunicación	1	
Técnico de Relacións cos medios	1	
Coordinador da Área de Alcaldía	1	
Xefe de negociado de Grupo municipal	2	

D) TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Director da Asesoría Xurídica	A1	1	FUNCIONARIO LD

E) TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO:



DENOMINACIÓN	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Presidente	A1	1	FUNCIONARIO LD

F) DIRECTORES XERAIS:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
Dirección xeral da área de Urbanismo e Servizos Xerais	A1	1	FUNCIONARIO LD

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	435
B) PERSOAL LABORAL	43
C) PERSOAL EVENTUAL DE CONFIANZA	6
D) ASESORÍA JURÍDICA	1
F) DIRECTORES XERAIS	1
E) TRIBUNAL ECONÓMICO	1
TOTAL CADRO DE PERSOAL	487

**CADRO DE PERSOAL PRESUPOSTARIO
ORGANISMOS AUTÓNOMOS 2013**

1.- INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES.

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NUMERO PRAZAS	OBSERVACIÓNS
ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL:			
<i>a) Subescala Administrativa</i>			
Administrativo	C1	2	

B) PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
Director Técnico	1	Fixo	
Técnico Mantemento	1	Fixo	
Auxiliar Administrativo	1	Fixo	
Encargado Instalacións	1	Fixo	
Operario Servizos	8	Fixo	

2.- PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS.

PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NUMERO DE POSTOS	CARÁCTER	OBSERVACIÓNS
Director Xerente	1	Alta Direcc.	
Técnico Auxiliar Mantemento	1	Fixo	
Auxiliar Administrativo	1	Fixo	
Subalerno	2	Fixo	

4.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO: PROPOSTA RELATIVA Á DETERMINACIÓN DA LIÑA DIVISORIA ENTRE OS CONCELLOS DE PONTEVEDRA E POIO E A

APROBACIÓN DA ACTA DE DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE PONTEVEDRA E POIO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 18.04.2013, emitido sobre a proposta da Concellería de Réxime Interior e Persoal, de data 22.03.2013, relativa á determinación da liña divisoria entre os concellos de Pontevedra e Poio e á aprobación da acta de deslinde entre ambos termos municipais.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Vicente García Legísima, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. García Legísima: Ben, moitas grazas.

Do tema este do deslinde creo que está, máis ou menos, todo comentado. Nas distintas comisións de deslinde fóronse tratando os temas, consensuando incluso, o lamentable é que non puideramos chegar a ese consenso respectando sempre a normativa coa Corporación de Poio. O deslinde decidido pola comisión é o de 89, marcando a liña que consideraron os técnicos. Indicar simplemente que o do 38 propiamente non é un deslinde, o deslinde é o de 89, o do 38 o que foi é o que lle chaman poñer os marcos que acudiron a esa zona e dada a época na que se fixo todos os membros da comisión de deslinde acordamos remitirnos ao deslinde real que foi o do 89.

Desexo que isto se leve, como se ten levado ata agora, entre as corporacións de ambos municipios, que non é un tema de discordia senón que é un tema que está aí latente dende o ano 84.

Nada máis e grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, algunha intervención?.

Don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Aguilar Argenti: Muchas grazas, Sr. Alcalde.

Sólo es justificar el por qué nuestro partido ha apoyado el deslinde que este Ayuntamiento ha presentado. El Partido Popular analizó y vio un poco los problemas que podían derivarse del deslinde que habían realizado y que en este momento esta en vigor del año 1938 y consideró que el que había y se había realizado en 1889, tenía quizá la consideración de que había sido pactado y consensuado con los ayuntamientos limítrofes, sobre todo con el Ayuntamiento de Poio, por ello abogó que se tuviera en cuenta y que fuera el que se presentara ante la Xunta, el correspondiente al año 1989, con una dificultad, que en el tramo final, en el tramo más próximo al río Lérez, había una dependencia de lo que se denomina Piedra Pinela, que era un marco definitorio y era digamos fundamental para poder rematar la frontera entre los dos ayuntamientos.

Ante esta situación y ante la comprobación de la cartografía existente del año 1901,



se llegó a la conclusión que fue lo que se propuso a este Ayuntamiento y en la comisión correspondiente informativa, delimitar el término municipal por lo que parecía que eran las tierras firmes que había entre la denominada Junquera de el Vao y la Caeira. Debemos de recordar, además, que la denominación de junquera que cogía el topónimo de Vao y no el de la Caeira, eso quiere decir de alguna manera que si el lugar de el Vao es pontevedrés y es de Pontevedra y sobre él no hay ningunha discusión, parece bastante razonable que si una junquera coge ese nombre que sea en terrenos pontevedreses. Debido a esa circunstancia entendimos que lo lógico y lo razonable es que por ahí se trazara la línea divisoria entre los dos ayuntamientos, toda vez que se correspondían con terrenos firmes y que son colindantes con muros de mampostería existentes entre la Caeira y lo que entendemos que es nuestro ayuntamiento. Ante esta situación nuestro apoyo fue a esta solución, toda vez que creemos que defendemos los intereses de los pontevedreses pues estaba en discusión que los terrenos ocupados hoy por el cuarte de la Guardia Civil y los terrenos que corresponden al Parque de Bomberos están dentro de nuestro término municipal, y por esa razón y entendiendo que al Ayuntamiento de Poio no se le generaba ningún menoscabo toda vez que así estaba, digamos, actuándose ante estos terrenos, apoyamos esta opción que fue secundada y fue también recogida por los otros grupos políticos. Esta es la razón porque este partido apoya esta opción y justificándola en los extremos de una manera rápida y genérica que acabo de exponer.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), a totalidade da Corporación, e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, presta a súa aprobación á proposta do Concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Persoal e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Determinar que a liña divisoria entre os termos municipais de Poio e Pontevedra debe rexerse pola acta deslinde de 1889 dos Concellos de Pontevedra e Poio.

Segundo.- Aprobar a acta de deslinde do acto de deslinde de data 21 de marzo de 2013 entre os termos municipais de Pontevedra e Poio para a fixación da liña divisoria entre os termos municipais entre Pontevedra e Poio levantada polo Secretario da Comisión de deslinde dos termos municipais de Pontevedra e Poio do Concello de Pontevedra ese mesmo día, xunto cos 25 documentos que se unen á acta. Así mesmo, aprobar o anexo ao informe do perito da Comisión dos termos municipais de Pontevedra e Poio do Concello de Pontevedra de data 22 de marzo de 2013, polo que se acredita a existencia dun erro no listado de coordenadas.

Terceiro.- Que polo Alcalde ou Concelleiro delegado se remita a acta anterior, e o informe de corrección de erros do perito mencionado xunto a este acordo plenario á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

5.- URBANISMO: RATIFICACIÓN DA URXENCIA E RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 25.03.2013, DE PERSOAMENTO NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 4160/2013, INTERPOSTO POR "ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS, S.L." CONTRA O ACORDO DO PLENO DA

CORPORACIÓN DO 22.11.2012, DE MODIFICACIÓN DO PXOM E SUSPENSIÓN FACULTATIVA E CAUTELAR DO PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN PARA NOVAS EDIFICACIÓNS OU INSTALACIÓNS DESTINADAS AO USO DE CREMATORIO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Moreira Ferro**: Gracias, Sr. Presidente. Moi bos días a todos.

O falar deste pleno da suspensión que neste caso ven ao pleno con unha ratificación da urxencia, eu creo que bastante urxente, porque é un decreto de 25 de marzo e estamos a primeiros de maio, creo que a urxencia é bastante evidente, máis ben o retraso.

Hai que remontarse un pouco para recordar que pasou con este tema dos crematorios. Este é un problema que xurdiu o ano pasado cando colleu máis notoriedade dentro da poboación con ocasión de que un dos promotores dun crematorio pretendía facelo nunha zona na que ninguén quere un crematorio, ao final de Arcebispo Malvar.

Naquel momento o Partido Popular puxo unha proposta enriba da mesa que foi rexeitada polo goberno, posteriormente, despois de moito avatares o goberno veu a adoptar unha postura que realmente viña a ser a solución que propuxera o Partido Popular dende o principio pero a medias tintas, se acordaba a suspensión de licencias y se acordaba abrir un período para unha modificación do plan xeral para permitir regular a ubicación de crematorios no termo municipal de Pontevedra. Nós non estábamos de acordo con isto, como vostedes recordarán, porque nós creíamos que un ano era tempo suficiente para refacer o documento de plan xeral que vostedes, conscientemente, vostedes xa digo o BNG, porque o Partido Socialista parece que non está de acordo en meter o PXOM no caixón, nós pensamos que era tempo de abondo para facer un documento de aprobación inicial do plan xeral e non conformarse cun parche que é simplemente unha modificación puntual.

En todo caso, queda aberto e nós xa manifestamos publicamente que lle ofrecemos un cheque en branco para aprobar un novo plan xeral, o Partido Socialista ten manifestado tamén o seu interese nun novo plan xeral, mesmo o BNG, no seu momento, cando se presentou ás eleccións o actual Alcalde no ano 99 propoñía como un dos puntos do seu programa, a urxencia de facer un novo plan xeral.

Pasou o tempo e ao final o que temos é unha suspensión, soamente para facer unha modificación puntual do plan xeral que, insistimos, é unha chapuza, é un parche. Nós, en decembro, xa lle pedimos contas ao Sr. Louro para que nos dixera publicamente no pleno que traballo levaba adiantado nesa modificación xeral, naquel momento recibimos moi boas palabras e principios filosóficos de que se estaba traballando en pro de facer un novo documento pero a realidade é que xa van máis de cinco meses e non temos noticias de ese documentos de modificación puntual. Polo tanto, Sr. Louro, fíxese vostede a que ten montado, ao final o único que temos é un lío xudicial con varias empresas presentando recursos, pedindo medidas cautelares, isto non sei vai camiño de seguir os pasos do caso Véteris con unha



maraña xudicial e ao final hoxe en día segue sen resolver, a incertidumbre segue existindo, a inseguridade xurídica segue existindo, o problema pervive e non se atisba ningunha solución por parte do goberno, creo que ao final vai ter que tomar cartas no asunto o Alcalde de Pontevedra e coller este asunto coas mans e darlle unha solución porque vese que o Partido Socialista non é quen de poñerlle unha solución acada a esta situación. Polo tanto, ven aquí outra empresa máis que recorre nos xulgados esta suspensións, nós no seu momento, quero recordarllo, aprobamos esa suspensión, non por vostedes senón polos veciños, por que nolo pediron os veciños, eu confío en que isto saia ben para os intereses do Concello e os intereses dos veciños pero a verdade é que o único que temos enriba da mesa é unha maraña de litixios xudiciais.

Por suposto, nós apoiamos este personamento no xulgado porque entendemos que o Concello ten que suspender esta suspensión de licencias que foi aprobada por unanimidade, pero creo que pola súa parte, Sr. Louro, creo que xa é hora para que vaia dando pasos para cumprir ese compromiso porque se a suspensión se adoptou foi para facer unha modificación puntual, esperamos que esa modificación se produza máis pronto que tarde.

Moitas gracias

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Ten a palabra don Antón Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Sr. Louro Goyanes: Gracias, Sr. Alcalde.

En relación con este asunto, Sr. Moreira, temos dito moitas cousas e discutido moitas cousas neste pleno da Corporación, mesmamente as temos feito tamén en comisión e a posición do goberno e do concelleiro de urbanismo non é outras máis que o que está encima da mesa e plantexamos no seu día que era a suspensión cautelar de licencias e facer unha modificación do plan xeral de ordenación municipal.

Debo dicirlle que o traballo está feito por parte dos técnicos municipais, baixo unha orientación política do goberno e de quen toca levar adiante a política urbanística e, polo tanto, estea vostedes absolutamente tranquilo.

Eu voulle dicir unha cousa hoxe, espero que cando presentemos isto no pleno da Corporación vostede estea á altura que debe estar un concelleiro de Pontevedra cando fagamos a proposta en relación con este asunto.

Segunda cuestión, plan xeral de ordenación municipal, Sr. Moreira, en campaña electoral o Partido Socialista dixo, con claridade e con rotundidade, que era unha prioridade para nós a elaboración dun novo plan de ordenación municipal de Pontevedra e isto tamén o dixeron vostedes e tamén o dixeron o grupo nacionalista, si é certo que se deron pasos e se fixeron cousas, non se encontrou o eco suficiente pero eu quero dicirlle unha cousa, se a oferta que vostede fai é unha oferta sincera, é unha oferta sincera, reitírolle iso, encontrará eco no noso grupo, o que lle reitero é si esa oferta é sincera e non ten cuestións que nós non podemos compartir. O que si podemos facer é traballar conxuntamente en algo e plantexarnos os obxectivos políticos dese plan, a ver se somos capaces de compartilo e logo os obxectivos para poder aprobalo, tamén, na Xunta de Galicia, de acordo co que se faga por este pleno

da Corporación, sen abdicar de ningún tipo de responsabilidade, polo tanto esa é a nosa posición.

En relación coa modificación puntual, Sr. Moreira, espero que estea á altura das circunstancias e que estea á altura do que ten feito o grupo do Partido Popular neste Concello, porque hai cousas que xa todos temos feito conxuntamente, espero que vaimos todos na mesma dirección.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro

Ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas, Sr. Alcalde.

O portavoz do PP creo que perdeu unha ocasión única de deixar pasar o asunto e restrinxirse estritamente ao que ven na orde do día que é personarse no recurso, incluso se monta un lío de data bo porque cando se presentou o recurso xa pasara o pleno de marzo, co cal o de abril suspendeuse, ou sexa que é a primeira ocasión en que pode vir, ou sexa que andar montando lío con esas datas non ten ningún sentido.

A primeira vez que se debateu isto aquí, por parte de este grupo, díxose que isto ía rematar nun lío xudicial porque obviamente as coordenadas nas que se movían eran esas, ou sexa que ou se remataba nun acordo entre os promotores de tanatorios, crematorios, porque todos estábamos de acordo en que non sería malo que houbera un crematorio en Pontevedra pero o lío que se montou con aquela proliferación que parecía non sei se eran catro ou cinco pero cada día aparecía un, nacían como fungos propostas de crematorios pois ou había acordo ou remataba nun bo lío xudicial que é na que estamos. Defenderémonos e levarémonos o mellor posible, polo de pronto xa perderon parte das demandas que presentaron, vamos a ver en que remata.

Digo que perdeu unha boa ocasión porque postos a mirar cara atrás e a ver o que dixo podemos todos recordalo, non sei se ten moito sentido, xa que se meteu, nós estamos agardando para saber, vostede xa falou con Perfecto de Ponte Caldelas, porque tivera aquela idea feliz de mandarllo para alá, parece que o Sr. Alcalde de Ponte Caldelas como que non lle gustou moito, postos a facer ocorrencias, se cadra pola súa parte houbo bastantes máis que por esta. Aproveita tamén para sacar o famoso asunto do PXOM, creo que xa quedou claro no borrador do PXOM que todos estivemos de acordo con el, non aparecía nada sobre os crematorios co cal se estivera aprobado estaríamos facendo unha modificación, igual que estamos agora, ou sexa que non vale para nada. Con respecto ao PXOM, a cantinela esta do PXOM é fantástica e dálle voltas aquí facendo cousas tan raras, raras como que veña o concelleiro de urbanismo de Lalín e á parte deputado autonómico aquí a ver que pasa co PXOM de Pontevedra cando el mesmo en Lalín fixo exactamente o mesmo, empezouno a tramitar e despois resulta que o deixou; vostedes seguen que o PXOM debe ser a base da felicidade, eu creo que se houbera PXOM, polo que din vostedes, esaxerando un pouco, non soportaríamos a quita das preferentes, teríamos todos traballo, teríamos todos traballo, teríamos todas unhas expectativas extraordinarias, en fin sería isto absolutamente fantástico pero o certo é que aquí



quen ten interese, quen ten un interese desmesurado en aprobar o PXOM é a Xunta e por que?, porque ten unha serie de determinacións que quere impoñer, a ocupación do territorio, edificación, como se queira, de Pontevedra, que directamente non se atreve, non quere, pode ter indemnizacións, pode ter responsabilidades, quere aplicar unha lei que a lei que temos en Galicia esta 9/2002 é unha lei, eu paseime o traballo, perdóeme pola digresión, de lerre as leis de Andalucía, de Murcia, de Castela A Mancha, de Madrid, de Estremadura, de Castela León e aseguro que a de Galicia é infinitamente mellor que todas elas, pero para Castela A Mancha que a que teñen en Castela A Mancha, agora a de Galicia para Galicia é unha catástrofe, entón quérenos aplicar e con consecuencias tan curiosas, tan disparatadas, tan en contra das mínimas normas de razoabilidade do que é a acción da Administración de que persoas que teñen agora pois igual un terreo no que poden construír unha casa para o fillo con cincocentos metros pois de repente deixaría de poderse construír, verdade, e de maneira masiva, á parte, o informe da Xunta de maneira masiva, ou persoas que teñen un terreo por aí na periferia de Pontevedra que poden construír a súa casa de baixo e un ou baixo e dúas e vendela, pois de repente deixarían de poder construír ou pasarían a estar integrados nun polígono que máis ou menos con baixa edificabilidade é o mesmo, deixarían de poder construír. Á parte de querernos impoñer que ENCE siga como industrial, o de Monte Carrasco, etc.

Para ese viaxe, obviamente, sobran as alforxas, dende logo entre un plan que temos agora que non é que as desgrazas que tiña xa están todas executadas, por desgracia ou case todas, pero que asenta o que se pode facer e todo o mundo o ten asumido e o novo plan vai poñer todo patas para arriba, vai recortar todo e vai deixar peor as cousas do que están, pois obviamente ese viaxe sobra. Vostedes seguen erre que erre, teñen un interese, a Xunta dille, excepto nos concellos onde gobernan vostedes, aí non, aí non fan plan, chámese Lalín, chámese outro lado, non fan, pero para os outros teñen a consigna de a Xunta de estar todos os días erre que erre a ver se se sacan os PXOM, por certo a Xunta anterior tamén, é un problema de institucións, que quede claro que non é un problema, se se quere ata lle dou o beneficio de que non é un problema de partidos políticos, é un problema de institucións, cada un ten a súa dinámica e interésalle que todos os concellos se adapten ao dos plans, por certo ía a ser, aquí tivemos que aguantar, digamos en sintonía co que din vostedes e a asociación de promotores dicindo, hai catro ou cinco anos que non se podía construír porque non había novo plan, en Vigo houbo novo plan e non se constrúe nada, se constrúe menos que aquí, cousas, priorismos e demais.

Nós xa o dixemos, a oferta segue enriba da mesa, para vostedes e para a Xunta, díganme á parte do de ENCE e do Carrasco, díganme como lle recortamos ás persoas que teñen o seu terreo que hoxe se pode construír, a cales lle dicimos que non se pode construír, díganme e xa está, a partir de aí tiramos co plan para adiante, agora non me faga facer algo no que teoricamente non estamos ningún de acordo e resulta que tería que ser este concelleiro o que puxera a cara por algo co que non está de acordo, pois non, non se vai facer, deixe de dar voltas. O cheque en branco, fágao, diga: falei coa Directora xeral de Urbanismo, o Conselleiro ou o que sexa e hai que recortar aquí, aquí e aquí, eu digo que se recorte aquí, aquí e aquí, mo pon nun plano, nunha raia gorda sen ningunha precisión e a partir de aí plan para diante.

Esa é a oferta que se lle fixo e se repite e non a líe, non sei que ven a falar do plan cando estamos falando dos crematorios, de un recurso, nin tan sequera dos

crematorios, falando de un recurso que era absolutamente previsible e que todos os cidadáns teñen dereito a presentar os recursos que queiran, outra cousa é que despois gane ou perda, xa veremos no que remata.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente.

En primeiro lugar, Sr. Louro, vostede me pide, me di que o traballo está feito e me pide que estea tranquilo, xa me pediu en decembre que estivera tranquilo pero xa é demasiada tranquilidade e os veciños o que queren son solucións e os veciños non están tranquilos porque no saben que va a pasar co problema dos crematorios.

Vostede diso tamén que se eu teño que estar á altura, pois mire creo que estou bastante á altura, eu e o meu grupo estamos bastante á altura, fomos os primeiros que propuxemos unha solución a este tema, fomos os primeiros que falamos dunha suspensión de licencias, cando vostedes abominaron desa solución aquí no pleno. Despois adoptaron, camuflando de outra forma, porque non querían facer un novo plan xeral senón unha simple modificación, nós a pesar de iso estivemos de acordo. Fomos os únicos que propuxemos unha ubicación alternativa que ata o momento non foi rebatida tecnicamente por ninguén. Os veciños o que dicían continuamente era que os crematorios había que ubicalos en polígonos industriais, nós en Pontevedra como non hai polígonos industriais iso non é responsabilidade nosa e esta claro tivemos que buscar unha parcela no polígono de A Reigosa que para o caso é practicamente no termo municipal de Pontevedra. Ninguén foi capaz de rebater esa proposta, dígolle máis, moitos veciños aplaudiron esa proposta, aplaudírona, porque din polo menos hai un grupo na oposición que fronte que o que se di que o grupo da oposición soamente soamente sabe dicir que non, un grupo da oposición que fai proposta e hoxe, unha vez máis, téñolle que recordar outra das nosas propostas.

Polo tanto, creo que, humildemente, si estamos á altura nos problema cruciais do Concello de Pontevedra. Vostede di que se deron pasos para facer un novo plan xeral, que tamén era un prioridade para vostede e tamén era para o BNG, claro que se deron pasos, bastantes pasos, tiramos un millón trescentos mil euros á basura para facer un plan xeral que nunca chegou porque non chegamos a dar nin a aprobación inicial e perdemos nove anos preciosos para facer un plan xeral, claro que se deron pasos pero creo que pasos en todo caso para atrás.

Sr. Mosquera, vostede apela a que non lle gusta a lei 9/2002 pero mire esta lei xa estaba en vigor cando vostedes no ano 2004 contrataron a redacción do plan e non lle doeron prendas en gastar un millón trescentos mil euros en nove anos para facer un plan xeral que nunca chegou nin sequera á aprobación inicial. Mire, a lei e igual para todos, con esa mesma lei outros concellos aprobaron un plan xeral, Coruña recentemente no mes de febreiro, Santiago xa o ten, Vigo xa o ten, Lugo xa o ten, Ourense polos problemas que pasan en Ourense non o ten todavía pero o vai ter, están traballando no documento de aprobación inicial, e vostedes aquí un bipartito ben avenido non son capaces de aprobar un plan xeral. Polo tanto, a min hai leis que tampouco me gustan pero teño que cumprilas e aos cidadáns de Pontevedra



tampouco lle gustan as ordenanzas do Concello de Pontevedra que lle soben os impostos, que lle soben as taxas pero teñen que pagalas e non lle gustan. Vostede que quere unha lei á carta para vostede, non amigo as leis son iguais para todos, nos gusten ou non nos gusten, porque naquilo que lle gusta si que está a favor das leis, en certas leis, nas que non lle gusta non, pois mire, señor, a democracia ten iso, é para todos, non hai aplicacións particulares da lei ao gusto do consumidor e nos gusten ou non nos gusten temos que cumprilas, non hai outra forma de vivir en democracia e en harmonía.

Vostede ademais, con esa postura, esta prexudicando a moitos veciños, a moitos veciños que por non ter un novo plan xeral non poden construír nas súas leiras, leiras que están cerca dos núcleos e vostede é o responsable, vostede e o seu grupo son os responsables de que estes veciños non poidan construír nesas parcelas que están cerca de núcleos rurais pero por non poder estenderse os núcleos non poden construír, pois terán que explicarlle vostedes iso, e nós nesta tesitura chegamos a un punto no que dixemos que damos un cheque en branco, faga o plan xeral que queira, pero fágao vostede que quen goberna son vostedes, non nos pida á oposición que fagamos nós o plan, faga o que queira, como se quere poñer un campo de golf, Monte Carrasco o que queira xa lle digo agora mesmo o firmamos, o firmamos cos ollos vendados, creo que non se lle pode pedir máis a un grupo da oposición, non coñezo antecedentes de outros concellos que un grupo da oposición puxera a súa plena dispoñibilidade a firmar un documento do plan xeral que lle presenta o goberno, sexa o que sexa, é máis ata me pode xerar a min problemas renunciar a pretensións e posturas de partido en reivindicacións ao plan xeral pero o facemos polos veciños de Pontevedra porque é mellor ter un mal plan xeral que non ter un plan xeral adaptado á normativa actual.

Por culpa de iso estamos falando, fíxese vostede, de recursos que presentan as empresas, das cales eu non teño coñecemento ata a data que ningunha perdera un recurso contencioso, se que houbo unha que perdeu unha medida cautelar que solicitou pero que eu saiba non hai sentenzas, que eu saiba, porque como lle digo estou cansado de pedir por escrito que me pasen informes da Asesoría Xurídica das sentenzas que van á Xunta de Goberno e vostedes non mas dan, contéstanme con moita pompa, con moito boato, as resolucións preciosas pero de efectivas nada, eu sigo sen ter os informes. Polo tanto, pídolles un pouco máis de transparencia, ao mellor hai algunha sentenza que efectivamente desestimou un recurso de estas empresas dos crematorios pero nós sinceramente a descoñecemos, vostedes polo menos non nos informan de iso.

Nada máis, recalcar que nós imos a votar a favor porque defendemos os intereses do Concello que é o dos veciños de Pontevedra.

Moitas grazas.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), acorda ratificar o decreto da Alcaldía do 25.03.2013, de persoamento no recurso contencioso administrativo nº 4160/2013, interposto por "ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS, S.L." contra o acordo do Pleno da Corporación do 22.11.2012, de modificación do PXOM e suspensión facultativa e cautelar do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación para novas edificacións ou instalacións destinadas ao uso de crematorio.

Incidencias.- Auséntase da sesión D^a Beatriz García Riestra.

6.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E TRATAMENTO DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A CANCELACIÓN DE CONTAS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA EN NOVAGALICIA BANCO EN APOIO AOS AFECTADOS POLAS OBRIGAS PREFERENTES E SUBORDINADAS.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“Hai máis dun ano, o actual presidente da Xunta de Galicia anunciou que a fraude das obrigas preferentes e subordinadas atopábase en vías de solución, propoñendo o sometemento dos afectados a un laudo arbitral, proposta que, pese á retórica oficialista, só significa unha nova humillación para os milleiros de estafados.

A medida que se ía achegando a data das Eleccións Autonómicas de outubro do ano pasado, o PP intensificaba as súas mensaxes dunha suposta solución inmediata. O señor Núñez Feijoo iniciaba a precampaña electoral a primeiros de setembro no castelo de Soutomaior prometendo unha solución xusta para os afectados pola estafa. Acompasadamente, o número de arbitrxes crecía, nun intento de dar credibilidade ás palabras do candidato “popular”.

Ao longo dos meses de setembro e outubro moitos líderes conservadores, non só o señor Núñez Feijoo, senón tamén ao señor Louzán Abal e mesmo alcaldes dos concellos máis afectados, prometeron unha “saída xusta” e presentáronse publicamente como os verdadeiros aliados dos afectados.

Sen embargo, pasadas as eleccións, constatouse un increíble descenso no número de arbitrxes e hai poucas semanas, a prometida solución xusta do PP esvaeceuse ao quedar reducida a unha primeira quita de máis dun 40% e a unha segunda, en caso de monetarización das accións, que suporía a ruína absoluta dos estafados, agora dobremente enganados.

Nisto, e non noutra cousa, consisten as solucións ofertadas polo PP.

Fronte a todo isto, os estafados seguen a esixir xustiza e demandan de todos os partidos políticos non só apoio moral e xestos máis ou menos efectistas, senón “política de feitos” e a busca activa de solucións efectivas para unha situación sumamente inxusta e que mesmo degrada a condición humana dos afectados. Prodúcense peches en concellos, “enfundamentos” de camisetas, adóptanse resolucións de apoio, asístese ás manifestacións e concentracións... Pero o certo é que o problema segue estancado. Os afectados só ven que Novagalicia Banco segue cuberto e apoiado polos gobernos de Madrid e da Xunta. A única esperanza real para os afectados son as sentenzas, que, a contagotas, van emitindo os xulgados.

A pesar de todo isto, o Concello de Pontevedra mantén con Novagalicia Banco amplas e fluídas relacións financeiras e comerciais. Boa proba disto son as 14 contas abertas a nome do Concello, cun importante saldo ao longo de todo o ano.

Os socialistas pontevedreses entendemos que xa non é suficiente limitarse aos xestos institucionais. Chegou o momento dos feitos. As Administracións deben fuxir



de calquera vestixio de hipocrísia e emprender accións claras, explícitas e contundentes.

Diante destas consideracións, o Pleno do Concello de Pontevedra ACORDA:

Primeiro: Requiritir á entidade Novagalicia Banco para que, de xeito inmediato, inicie a devolución íntegra das cantidades estafadas aos aforradores do municipio de Pontevedra coas obrigas preferentes e subordinadas.

Segundo: Se no prazo de dous meses non se avanza na devolución das cantidades íntegras aos estafados pontevedreses, o Concello iniciará o procedemento para cancelar as contas de Novagalicia Banco e rachar calquera tipo de relación comercial coa entidade, agás o que sexa estritamente necesario para o pago dos préstamos relacionados coa débeda municipal.

Terceiro: Dar traslado deste acordo á FEGAMP e á FEMP e solicitar aos outros niveis da Administración (Administración Xeral do Estado e Xunta de Galicia) a adopción do mesmo acordo ao respecto das entidades financeiras que teñan emitido preferentes e subordinadas e coas que manteñan relación.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE, don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días.

Volvemos hoxe aquí para falar outra vez da estafa das preferentes e das subordinadas. Fixémolo, máis ou menos un ano, a través de unha moción presentada polos socialistas e asumida por todos os grupos municipais na que si estaba Novagalicia Banco a buscar unha alternativa para devolver todos os cartos aos afectados; voltamos a falar, hai pouco, con outra moción presentada a petición dos afectados das preferentes na que se volvía a reivindicar a busca de solucións e instando á Xunta de Galicia a que esixira ao FROB e ao goberno de España a ditar unha resolución para prover de liquidez ás participacións preferentes e obrigas subordinadas de Novagalicia Banco, recoñecendo a mala praxis na súa comercialización, entre outras medidas, a verdade é que a primeira conclusión á que temos que chegar e que todo o que fixemos dende o Concello e dende outros concellos non serviu para nada, hai que ser sinceros e asumilo, a verdade e que os resultados ata o de agora das nosas mocións son escasos ou case nulos e a verdade e que un chega á conclusión de que dalgún xeito, aínda que sexa figurado, parece que os culpables se rin de nós cada vez que len os acordos das nosas mocións.

O certo é, como se di no texto da moción que se trae hoxe, o goberno autonómico, no seu momento, a través do que naquel momento era o Presidente da Xunta, anunciou hai un ano, aproximadamente, que o fraude das preferentes e subordinadas estaba en vías de solucións, que a través das xestións que estaban facéndose dende a Xunta de Galicia, íase a implementar un sistema de arbitraje que acabaría co sufrimento de miles de familias. É certo que, naquel momento, xa os socialistas indicamos que aquilo cheiraba claramente a campaña electoral, e como boa medida preelectoral nos meses anteriores á campaña electoral das eleccións autonómicas pois houbo un certo movemento, houbo algunhas resolucións e aínda que cuestionables, pero que deron solucións a algúns dos afectados polas preferentes e subordinadas.

Como o tema da arbitrase parecía que non convencía nin moito menos á maioría dos afectados que o habían, se se me permite a expresión, cunha especie de carallada mediática, o candidato, o Sr. Feijoo, comezou a súa campaña electoral no castelo de Soutomaior, arropado polo Sr. Louzán entre outros, anunciando que pronto habería unha solución definitiva ao problema e prometendo que esta solución sería xusta para os afectados, así está recollido nos medios de comunicación en setembro de 2012. Evidentemente hai que entender que a única solución xusta que cabe para os afectados pasa pola devolución íntegra dos seus cartos, non cabe outra solución xusta e así se desenrolou a campaña das eleccións autonómicas, os candidatos do Partido Popular, todos, e os seus cargos públicos, alcaldes, concelleiros, deputados provinciais, repetiron e prometeron ata a saciedade que pronto habería unha solución xusta e moitos afectados crérono, de boa fe, porque os que lle estaban enviando ese mensaxe non eran uns chisgarabís, eran os seus alcaldes, eran os seus concelleiros, xente na que confiaban e chegaron as eleccións, pasaron as eleccións e o primeiro que sucedeu foi que descendeu de forma radical o número de arbitrases. A outra cousa que sucedeu foi que esa solución xusta que prometeran entón, o que entón era candidato e agora é presidente, non chegaba nin tiña trazas de chegar e aos afectados se lles pedía o que está tan de moda pedir por parte do goberno central que é paciencia, paciencia que estaban a traballar niso, pero debe ser que moito non deberon de traballar que, de repente, os estafados se desayunan coa noticia de que ían a sufrir unha quita que, en moitos casos, pasa do 40% e que non sería a única quita, porque no caso de monetarizar os seus directos ían a sufrir outra quita, en o román paladino que se quedaban sen nada.

Esta foi a solución xusta ofertada e que se traduce nunha estafa política, unha estafa dentro de outra estafa, por iso non é de estrañar o cabreo dos afectados, o mellor dito, a multiplicación do cabreo existente por parte dos afectados. Agora, que están desbordados, o Presidente da Deputación ven a dicir pouco menos que “ajo y agua”, estimados estafados “ajo y agua” y en todo caso a recorrer á xustiza.

E nós, que estamos a facer?. Ata o de agora parecía que nos quedaba a conciencia bastante tranquila cando mostrábamos a nosa indignación presentando mocións con unha aplicación real, asistindo a concentracións ou manifestacións, facendo declaracións, poñendo camisetas, resultado real: nada de nada, e esa é unha realidade que temos que asumir pero é obxectivo, temos que asumilo porque senón estaríamos enganándonos a nós mesmos. Mentres tanto a desesperación dos afectados, que ven que ademais dende a política que dende se debe solucionar o tema, non se fai nada, esa desesperación vai en aumento.

Chegado este punto, temos que pensar que nós dende os concellos non podemos ser ambiguos, temos que deixar de apoiar aos afectados nas nosas declaracións ao tempo que seguemos mantendo relacións comerciais coa entidade culpable como senón pasase nada nunha especie de xogo de dobre moral e os socialistas de Pontevedra xa estamos cansados de isto e esperamos que outros moitos se cansen tamén porque xa está ben. É certo que nós non podemos solucionar o problema, pero si é certo que, a lo menos, podemos ser consecuentes e evitar que a entidade bancaria culpable se siga beneficiando dos ingresos e das cantidades que, en definitiva, son de todos os pontevedreses, tamén dos máis de 2.400 cidadáns do Concello estafados pola entidade Novagalicia Banco.

Dende logo o acordo que se propón é un xesto moito máis contundente que a simple declaración de apoio e eu alégrome, persoalmente, de que hoxe aquí, ao parecer,



vaia a haber consenso para aprobar esta moción presentada polos socialistas, aínda que van a permitirme ter unha certa desconfianza sobre o voto dalgúns que parece máis unha operación de maquillaxe que outra cousa pero ogallá me equivoque e isto supoña un punto de inflexión e vexamos como o goberno toma medidas decididas para solventar este problema do único xeito posible que é a devolución de todos os cartos hoxe estafados. Se somos capaces de xerar con ela un corrente de simpatía en outros concellos e noutras deputacións e mesmo na Xunta de Galicia , ao mellor conseguimos que alguén empece a tomar en serio o problema e a desesperación de moitas familias.

Nós tamén somos conscientes de que non é un asunto fácil, que vai a xerar problemas, que dende o punto de vista burocrático non vai a ser doado, pero tampouco ninguén pensou que isto fose a ser fácil, non está sendo fácil para os estafados, se realmente queremos axudar temos que asumir que isto vai ter un custo, pero o somos consecuentes o non o somos, se seguemos coa política de declaracións non imos axudar moito e imos a conseguir, probablemente, un maior desapego por parte dos cidadáns, temos que ser firmes, temos que mandar unha mensaxe clara a entidade culpable e a todas as entidades de que temos na nosa man armas para cambiar as cousas, máis alá dos discursos que xa vemos que só sirvan para que se rían de nós. Temos que ser valentes, temos que ser consecuentes, e se de verdade apoiamos máis alá das palabras aos afectados, vamos a votar esta moción e iniciemos con isto un percorrido novo que sexa seguido por máis institucións.

Os socialistas estamos convencidos que seremos capaces de exercer a presión necesaria para que, de una vez por todas, repito de una vez por todas, nos tomen en serio.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

En representación do grupo municipal do BNG, ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas, Sr. Alcalde.

Este é un asunto que xa foi tratado aquí, que ten moitas arestas, e que realmente chegar a sacar conclusións de que é o que está a suceder, por que se están facendo certas cousas, pode incluso cambiar segundo os datos novos que van saíndo.

Obviamente, isto é unha imposición, a quita e o de tratar aos estafados, enganados polas preferentes e subordinadas, como inversionistas, é unha imposición, negociación, do MOU, do memorándum de entendemento sobre o rescate da banca que non sabemos ata que punto foi unha imposición europea ou unha aceptación do goberno do Estado, pero chega un determinado momento en que hai que mirar cal é a súa orixe e que é o que se pretende. Obviamente, cando escoitabamos hai tres anos, que o sector financeiro estaba hipertrofiado e que había que reducir o número de entidades pois algúns daquela xa o vimos, hoxe creo que obvio, o que se pretendía era que a inmensa maioría das caixas, en particular as galegas, desapareceran para deixarlle o campo á gran banca, á banca privada, que se estaba atopando con problemas de mercado.

Ben, a xestión do aforro galego das dúas caixas, había un designio que se

sentenciaba que tiñan que pasar a mans alleas previa redución e previa contracción do seu volume de negocio e da súa presenza, ou sexa que había unha idea clara de que o aforro galego fora xestionado dende fóra. Intentouse atrasar o asunto mediante a fusión pero seguiu e seguiu.

As contas, sería un mundo moi complexo meterse nas contas en se eran viables ou non as caixas galegas, cas medidas que se adoptaron despois de redución de persoal e todo iso probablemente foran viables, pero non era ese o problema, o que se trataba era de facelas desaparecer, de facer desaparecer como entidades independentes, con base en Galicia, polo tanto facelas pasar a mans de outros e demais. De aquí ven gran parte do lio das preferentes e parece ser que non lle chegou as medidas a adoptar para eliminar a base galega das caixas e o seguinte paso foi roubar, ou como se lle queira chamar, directamente, o aforro dos galegos e galegas que tiñan atrapados os fondos nas preferentes e subordinadas, nesta fase estamos.

Sen entrar en máis datos que os propios afectados coñecen mellor que nós, o certo e que este problema, nós estamos convencidos de que é un problema social e económico de toda Galiza, non é un problema só dos afectados, eles o viven en carne viva pero todo o resto da sociedade tamén o vive na medida en que eses cartos que están intentando roubar, estaban aquí e, no seu momento, circularían pola economía galega e, polo tanto, crearían actividade nun momento en que a contracción da actividade é brutal. Entón este é un problema, estamos convencidos, de toda a sociedade galega, de toda, non só dos afectados, eles o viven en carne viva e, polo tanto, son a punta de lanza e os que teñen máis próximo directamente o problema con casos moi sangrantes pero é un problema de toda a sociedade galega.

Nese sentido, o acordo que se vai a adoptar intenta que o problema vaia en esta dirección, ou sexa ubicalo nesta dirección, que se converta nun problema social de todos os galegos e galegas que directa ou indirectamente están afectados, entón o acordo que se propón é: "esixir a derogación do RD polo que se lle expropia grande parte dos seus aforros aos afectados polas preferentes e subordinadas, e dirixirse ao Goberno Central para que adopte as medidas precisas para que os afectados recuperen os seus aforros de xeito íntegro; o Concello de Pontevedra requirirá á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes proceda a iniciar a devolución íntegra das cantidades estafadas aos aforradores do municipio coas preferentes e subordinadas; se no prazo indicado non se produce a devolución aos estafados, procederase a cancelación das contas municipais en NGB coa única limitación da preservación dos intereses municipais; colocarse unha pancarta de apoio aos afectados no edificio municipal de Michelena 30, posiblemente sexa na Casa Consistorial por ser moito máis visible; amosar o apoio institucional do Concello á manifestación convocada para o próximo 10 de maio; e calquera outra medida que colabore no obxectivo.

O Que se pretende, de acordo cos portavoces dos afectados, é precisamente iso, dar ese paso, esa medida cara a implicar a toda a sociedade e que os responsables que teñen na man a solución disto que vexan que é un problema de todos, que ten o apoio de todos e de todas e non só, que sería moi importante, das preferentes.

Deixo para o final o comentar o das contas, temos a sospeita, o convencemento, por iso nós mostramos certas dúbidas, temos a sospeita e o convencemento de que a non solución do das preferentes de Novagalicia Banco, ten moito que ver con unha medida que pretende no fondo o máximo dano para a entidade, explícome, o banco



que substituíu ás bancas galegas seríalle infinitamente máis rendible, cara ao seu futuro, resolver o das preferentes que o custe que lle está supoñendo de imaxe, de depósitos, de recursos, o problema das preferentes. Obviamente, se a pretensión é que esa caixa se debilite ata a extenuación e despois vendela a prezo de saldo a algún banco alleo, esta medida axúdalle moito, moito, moito; quen controla neste momento esta entidade é o FROB e o FROB é o que non lle deixa resolver o das preferentes.

Obviamente se nós adoptamos a medidas, tíñamos a dúbida de se ao retirar as contas non estábamos axudando a fundir o deseño que hai para fundir a caixa, Novagalicia Banco e, digamos, colaborando na estratexia. Evidentemente chegamos á conclusión que por algún lado hai que romper e independentemente da intención que teñan os que están mantendo vivo e sangrando este problema das preferentes, pois algunha medida había que adoptar e vámola a adoptar con todas as consecuencias e ese será o acordo que adoptemos aquí.

Insisto, este problema ou é un problema social de primeira magnitude en toda a poboación ou vai ter moito máis difícil arreglo, por iso a proposta digamos vai o que lin antes e, polo tanto, creo que o esforzo para chegar ao resto da sociedade que non está directamente afectada e que teña en conta, se mobilice e exprese a súa opinión en apoio a que se resolva o problema das preferentes ou en contra deste saqueo do aforro galego creo que vai ser decisivo, polo menos nesta fase, por desgraza temémonos que isto vai dar aínda unhas cantas voltas e, polo tanto, haberá novas medidas no futuro que adoptar, en función de iso adoptarémolas e sen ningún problema, sen ningunha dúbida e con todo o convencemento e decisión do mundo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

En representación do grupo municipal do Partido Popular, ten a palabra don Jacobo Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias Sr. Presidente. Bos días a todos, especialmente ás persoas que hoxe nos acompañan no patio de butacas, con cuxos representantes nos reunimos o pasado venres.

Nós, na reunión do pasado venres, mostramos, unha vez máis, o noso apoio a estas persoas estafadas, enganadas, ás que se lle quitaron inxustamente os seus aforros e dende logo que non quero que exista a máis mínima dúbida de que estamos ao carón deles e apoiándoos e mostrando a nosa solidariedade.

Por iso quero anunciar, xa de antemán como dixen o outro día, o noso voto a favor de esta mocións, eles nos pediron que apoiáramos esta moción e nós, deixando fóra partidismos inútiles que non resolven nada, estamos con eles e aprobamos esta moción.

Aquí se dixeron cosas que eu creo que non veñen ao caso agora por parte dos outros grupos da oposición, creo que en Galicia se está utilizando unha solución que xa foi solución para máis de 16.000 persoas que é a arbitrase, creo que tan mala medida non debe de ser cando se está copiando no resto de España e cando moitas persoas, senón todas as que quixeramos porque nos gustaría que xa se resolvera con todas, pois moitas persoas xa recuperaron os seus investimentos.

En todo caso, nós presentamos enriba da mesa máis alá de mocións e de sinais de

apoio que daremos, estamos dando e daremos todas as que fagan falta, cremos que un goberno local, un concello como o de Pontevedra si que pode ofrecer solucións efectivas, á parte de presentar mocións e por iso nós propuxemos a pasada semana o venres unha proposta efectiva que si pode axudar a estas persoas, as que non queiran esperar á vía da arbitrase que acudan á vía xudicial porque todos estamos vendo que a meirande parte, creo que case a totalidade das demandas que coñecemos polos medios de comunicación que xa se presentaron contra Novagalicia se están estimando, estas persoas recuperan os seus investimentos, os seus aforros, perdón.

É certo que hai unha barreira importante, dúas barreiras importantes, primeiro os custos de avogado e de procurador e segundo o custo das taxas xudiciais, por iso nós propoñemos que o Concello estableza unha especie de turno, non de asesoramento soamente, senón de asesoramento e asistencia letrada para estas persoas para que lles fagan as demandas e lles tramiten antes os xulgados e establecer un convenio a través do Colexio de Avogados e do Colexio de Procuradores, buscando letrados que se queiran adherir e que a cambio de unha cantidade que se pactaría con eles pois poidan asumir integramente o procedemento e en caso de gañar o preito xa cobrarían de Novagalicia Banco. Creo que é unha proposta efectiva, é unha mostra que proba que dende un Concello si se poden aportar solucións ou axudar a estar persoas con medidas efectivas.

Nesta moción que se trae ao pleno que foi consensuada, ten pouco que ver coa moción presentada polo Partido Socialista e eu nese sentido creo que foi unha boa medida que o grupo socialista atendera a petición do BNG e matizara esa proposta de pechar as contas con Novagalicia Banco porque xa coñecemos antecedentes no grupo socialista no que se anunciou, hai varios meses, que se ían pechar as contas da entidade da caixa senón se paraban os desahucios e non sei se se chegaron a pechar as contas, por iso non me gusta xogar con estas cousas e facer promesas en falso. Polo tanto, creo que o texto que se ten dado á moción paréceme acaído, creo que hai que velar tamén polos intereses do Concello e velar tamén que estas persoas, que Novagalicia non se afunda por culpa de medidas como esta porque entón abocaríamos a que non puideran recuperar os cartos.

Creo que é unha boa medida que pactamos aquí, demostramos unanimidade, creo que é importante, moi importante que os tres grupos esteamos unidos, como levamos estando unidos neste asunto con varias mocións que xa se trouxeron ao pleno e creo que é importante hoxe escenificalo aquí con esta batería de medidas que se propoñen nesa moción consensuada e dende logo como eles nos piden o apoio a esa moción, dende logo sen ningún xénero de dúbidas vamos a apoiar esa moción.

Nada máis e moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Moreira.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Brevemente, Sr. Alcalde.

Para alegrarme de que a moción salga por unanimidade, é bo transmitir o mensaxe de que os grupos políticos da Corporación de Pontevedra están en este asunto sensibilizados, esperemos que esta sensibilización se traduza en outras cousas á



parte de esta moción, penso que estamos dando un paso importante, un paso novidoso e polo tanto tamén un paso que ten os seus riscos pero que é absolutamente necesario, chegado o momento en que as declaracións, as mocións e as manifestacións parecen facer pouca mella naqueles que teñen que tomar as decisións.

Eu quixera insistir en dúas cousas, este é un tema que se debe solucionar dende a política, este é un tema que ten solución e que ten solución dende a política. Polo tanto, aqueles que teñen a responsabilidade de gobernar son aqueles que teñen que tomar as decisións para solventar este tema e a única solución posible sempre vai a ser a devolución íntegra dos cartos aos estafados.

En todo caso, tamén, xa era hora de que nos preocupáramos máis do presente dos estafados que do futuro dos estafadores. Polo tanto, esta ben que se tomen este tipo de medidas das que nós nos alegamos e, por certo, para rematar a moción é basicamente a que presentou o Partido Socialista, con aportacións feitas, de ampliación, por parte dos compañeiros do grupo de goberno. En todo caso o importante é que a moción salga, que o fondo da moción se aplique, que se derroque o decreto e que senón pois Novagalicia Banco se debe ater ás consecuencias dos seus actos.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moi brevemente. Non é o momento agora de falar de toda a entrevista e de outras cousas.

Eu polo que percibín, polo que percibimos dos afectados teñen unha formación e un espírito reivindicativo que, como se ve no resto do Estado teñen bastante menos, e sabe perfectamente onde está o problema, quen llo pode resolver e as limitacións e capacidades que ten cada quen para resolvelo. O que percibín o outro día aquí, na Deputación, o venres este non o anterior, creo que o que demandan é que nós, como representantes dos cidadáns, e a propia institución se poña de lado deles, os apoie, quero ter o convencemento de que estamos con eles, de que sabemos o seu problema e estamos dispostos a loitar con eles para intentar resolver, creo que este acordo que adoptamos hoxe aquí, a día de hoxe, xa veremos o que pasa dentro de un mes ou dous o tres, recolle plenamente esta idea e polo que pasou na reunión do venres que non estiven, pero polo que sei, creo que recolle o que eles queren, claro eles queren que lle devolvan os cartos, obviamente, pero saben perfectamente as dificultades, saben perfectamente quen ten a responsabilidade e o que queren e que nos poñamos de lado deles, xa o saben perfectamente, vamos a estar de lado deles e adoptar as medidas que eles queiran que sexan factibles de levar, creo que este acordo é para felicitarnos toda a Corporación e creo que tamén os afectados que estiveron de acordo, foi pactado con eles, e creo que un moi bo paso adiante e moi bo sinal, nestes tempos nos que parece que as institucións se está vendendo que están lonxe dos cidadáns, que non sei que, as institucións son os representantes dos cidadáns e teñen que estar con eles e con este acordo creo que demostramos todos que estamos con eles, creo que debemos felicitarnos.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias, Sr. Mosquera.
Algunha outra intervención?. Sr. Moreira, ten a palabra.

O **Sr. Moreira Ferro**: Si, para rematar a ronda Sr. Alcalde.

Quero no fondo agradecer ao goberno que trouxeran aquí a oportunidade para pronunciarnos sobre o peche das contas que todos sabemos que é competencia da Xunta de Goberno pero creo que é facernos partícipes de esta posibilidade é importante tamén.

Quero rematar con unha cousa que non debemos esquecer, a min gustárame que a moción fora máis completa pero foi a pactada e eu non vou a polemizar por este tema e damos o noso voto a favor, pero creo que non hai que esquecer que ao final hai persoas responsables de todo isto nestas entidades que, como se di coloquialmente, se foron de rositas e eu agardo que esas persoas deran conta do que fixeron algún día perante a xustiza, esas persoas e as que posibilitaron tamén que estas persoas se foran con indemnizacións millonarias que dean conta na xustiza porque creo que tamén é moi importante que o que fai algo que sexa responsable do que fixo, para ben e para mal, nada máis e moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade (24), presta a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na redacción finalmente consensuada polos tres grupos municipais, en consecuencia, acorda:

- Esixir a derogación do RD polo que se lle expropia grande parte dos seus aforros aos afectados polas preferentes e subordinadas, e dirixirse ao Goberno Central para que adopte as medidas precisas para que os afectados recuperen os seus aforros de xeito íntegro.
- O Concello de Pontevedra requirirá á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes proceda a iniciar a devolución íntegra das cantidades estafadas aos aforradores do municipio coas preferentes e subordinadas.
- Se no prazo indicado non se produce a devolución aos estafados, procederase a cancelación das contas municipais en NGB coa única limitación da preservación dos intereses municipais.
- Colocarase unha pancarta de apoio aos afectados no edificio municipal de Michelena 30.
- Amosar o apoio institucional do Concello á manifestación convocada para o próximo 10 de maio.
- Calquera outra medida que colabore no obxectivo de facer xustiza cos afectados das preferentes e subordinadas.
- Acórdase dar traslado deste acordo á FEGAMP, á FEMP e ao FROB, e solicitar do resto de institucións (Administración Xeral do Estado e Xunta de Galicia) que adopten o mesmo acordo.”

Incidencias.- Reincorpórase á sesión D^a Beatriz García Riestra.



7- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E TRATAMENTO DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A DEVOLUCIÓN DAS TAXAS ABOADAS POLA EXPEDICIÓN DOS CERTIFICADOS DE CONVIVENCIA SOLICITADOS PARA A MATRICULA NOS CENTROS DE ENSINO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“Na actualidade, fronte ao que ocorre noutros Concellos, o Concello de Pontevedra está a cobrar ás familias taxas pola expedición de certificados de convivencia, documentos que precisan para poder matricular aos seus fillos/as nos centros de ensino.

Isto ocasiona un notable trastorno ás familias, sometidas a unha tramitación administrativa que conleva longas colas de espera.

O Concello, por outra banda, non ten implantada a posibilidade de expedición electrónica e telemática dos devanditos certificados, o que simplificaría notablemente o trámite para as familias e o funcionamento da administración.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para o seu debate e aprobación a seguinte proposta de ACORDO:

1. Devolver ás familias as taxas aboadas pola expedición dos certificados de convivencia solicitados para a finalidade de tramitar a matricula dos seus fillos/as nos centros de ensino, incoando os procedementos administrativos que foran necesarios para lograr a devolución.
2. Implantar no concello a expedición electrónica ou telemática dos certificados de convivencia.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Miguel Ángel Meijón Couselo.

O Sr. Meijón Couselo: Moitas gracias, Sr. Presidente. Bo día a todos os presentes.

A moción que hoxe presentamos ao pleno ten como eixo fundamental, tal como figura na exposición de motivos, dúas liñas concretas e a todo punto lóxicas, a primeira, é solicitar ao Concello que devolva as taxas que se lle cobraron ás familias en concepto de expedición de certificado de convivencia, necesario para matricular aos seus fillos, necesario no proceso de admisión e posterior matriculación dos seus fillos para garantir que se poidan matricular no centro que lle corresponde por dereito; a segunda, é a implantación de un sistema telemático que se llama administración electrónica que permita realizar os trámites nas familias de forma máis sinxela e, polo tanto, facilitar o funcionamento da Administración, sabido é que o goberno local, seguindo con unha política de liña recadatoria, non é posible entendelo de outra maneira, cóbralles, impoñen, poden elixir o que vostedes queiran porque o significado é o mesmo, cóbranlle as taxas por expedición do certificado de convivencia requirido, repito, para a admisión do alumnado e posterior matriculación, ao contrario de outros concellos que non soamente non a cobran senón que llo mandan ás familias aos seus domicilios, ao igual que se viña facendo aquí co volante de empadramento, este goberno esíxelle ás familias con nenos de tres anos e

aqueles que cambian de centro de secundaria o pago de 5,13 euros por cada certificado de convivencia que lle expide o Concello, precisamente non é barato.

É necesario deixar claro que esta documentación se solicita non con carácter ilóxico senón en aras de transparencia dese proceso aínda que xa sabemos o que o goberno pensa do tema da transparencia para que, repito, os alumnos podan acceder ao centro que lle corresponda, cuestión coa que o goberno debería estar completamente de acordo e, polo tanto, non poñer trabas ilóxicas e absurdas que eu penso que nin vostedes o cren que, dende logo, as familias se decatan.

Por outra banda, este goberno tense que preocupar por estar ao día na utilización das novas tecnoloxías, ten que axudar aos seus cidadáns de tal maneira que oferten a posibilidade de ter o certificado de xeito telemático, a administración electrónica, repito, como xa se fai noutros concellos.

Polo tanto, tal e como queda reflexado nesta moción, solicitámoslle por unha banda que expidan de xeito gratuito o citado certificado e por ende se lle devolvan os cartos ás familias ás que se lle cobraron e, se unido a isto, evidentemente, afondan na administración electrónica teremos logrado un importante e xusto avance nesta materia.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Meijón.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Eu quixera comezar esta explicación ou esta intervención con un argumento técnico, sei que pode resultar farragoso pero creo que pode dar tamén unha certa idea da desorganización na que parecen instalados vostedes, con todo o respecto.

Con respecto, me dirixo aos impulsores da moción porque eles, tanto a Sra. Rodríguez como o Sr. Meijón, non teñen porque que coñecelo pero se supón que o seu portavoz si debería coñecer ese argumento que ademais ata o utilizou hai pouco, hai dous puntos neste pleno, ao falar do plan xeral. No antigo plan de estudos, creo que agora hai un novo plan, pero para entendernos, cando eu estudie dereito, había unha asignatura en terceiro de carreira que se chamaba Dereito Administrativo I, na que se estudaban as nocións básicas e as nocións xerais de dereito administrativo e entre esa materia que se estudaba pois había un epígrafe dedicado aos regulamentos e dentro de ese epígrafe había un subepígrafe que caía bastante asiduamente nos exames que se chamaba, a inderogabilidade singular dos regulamentos que, como digo, vostedes non teñen porque coñecelo, aquí por detrás xa din “mi ma”, pero non se preocupen que eu vou acaba rápido. O que se estuda nese epígrafe así moi resumidamente é que o contido dun regulamento non se pode derogar ou inaplicar para un caso concreto a discrecionalidade da Administración, porque non é posible, as normas son de aplicación xeral e niso consiste, precisamente, a forza da súa lexitimidade. O que vostedes están plantexando na súa moción é unha inderogabilidade singular, vostedes o que queren e que de repente deixemos de aplicar unha norma de carácter xeral a uns cidadáns, pero por que, hai unha norma xeral. Se vostedes plantexaran a derogación da ordenanza que regula a taxa eu podía entendelo, agora a derogación particular de unha ordenanza me



parece non só absurdo senón imposible dende o punto de vista legal e a min estrañame que o seu portavoz non saiba iso, ou vostedes non consultan con el ou me estraña, en todo caso alá vostedes. Polo tanto, vostedes nos están pedindo un imposible, un imposible dende o punto de vista legal, é dicir nós non podemos deixar de cobrar unha taxa que establecida como tal na ordenanza.

A segunda reflexión que me ven á cabeza, e que quero transmitir, é unha felicitación expresa a todos os meus compañeiros e compañeiras de goberno, porque se despois de case dous anos a única cousa criticable polo Partido Popular nun pleno e se lle cobramos unha taxa ou non aos cidadáns e que realmente estamos a facelo ben, digo eu.

Unha terceira reflexión xa é a carga de hipocresía política que leva consigo esta moción, porque agora resulta que vostedes están preocupados polos cinco euros que se lle cobran aos cidadáns que queren matricular aos seus fillos. Por certo, preocupación que como concelleiro de Educación non vin, a min non me chegou ningunha queixa de ningún pai, preocupación que non sei se vostedes detectaron ou non pero en todo caso se trata de unha taxa que se lle cobra pola expedición de unha certificación esixida pola Xunta gobernada polo Partido Popular e que tamén se cobra noutros concellos gobernados polo Partido Popular, e tería unha solución bastante fácil, bastaría con que vostedes, por exemplo, lle indicasen á Xunta que eliminase ese requisito da orde, que valesse co volante de empadramento, con iso se evitaría todo este debate que estamos tendo hoxe aquí, porque é hipócrita preocuparse polos cinco euros que costa iso e non mostrar a mesma preocupación por a supresión da gratuidade dos libros de texto; pola subida das taxas universitarias; pola eliminación de profesorado nas ensinanzas; pola eliminación do proxecto do Carlos Oroza; polo abandono do proxecto do colexio de Valdecorbos; pola inexistencia de un mapa escolar que levamos esperando dende hai bastantes anos e que tamén ten un custo económico para os pais. Entón, parece un fondo importante de hipocresía política vir aquí a levantar a bandeira de pobrecitos os pais que teñen que pagar cinco euros por algo que lle pide a Xunta de Galicia, non nós, non o goberno municipal, por algo que pide a Xunta de Galicia, e non mostrar a mesma preocupación por temas que son economicamente de un calado superior e que prexudican moito máis ás familias de Pontevedra.

Polo tanto, a min paréceme que este é un debate absurdo, que é un debate absurdo dito con todos os respectos, é importante que vostedes fagan unha labor de oposición, unha labor de oposición propositiva como dicía o seu portavoz, non, que algunha vez propoñan algo, pero a ver creo que algo que se trae a un pleno teñen que ser temas que realmente teñan un calado dentro da sociedade de Pontevedra.

Repito, a min como concelleiro de Educación non me consta que haxa un malestar xeneralizado polo cobro da taxa e, en todo caso, o malestar será contra aquel que solicitou esa certificación cando antes non se solicitaba.

Nada máis. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Fernández.

En representación do grupo municipal do BNG, ten a palabra don Vicente García Legísima.

O Sr. García Legísima: Moitas grazas.

Eu empezaría isto dicíndolle que a causa causal é a causa causati. Quen causou este mal que vostede está denunciando aquí?, foi o Concello de Pontevedra?.

Creo que se equivoca totalmente, mire, no ano 2012, no mes de abril e no mes de marzo, pero concretamente no mes de abril, solicitáronse 113 certificacións de empadramento, individuais e múltiples, ata o 16 de abril levábanse solicitado 635, isto realmente que fixo o Concello de Pontevedra para que isto ocorrera, moveu algún fío, publicou algunha ordenanza ou algunha modificación, pois non. É que os nenos o ano pasado non cumpriron tres anos, é que os nenos o ano pasado ao cumprir os tres anos non se escolarizaron, pois claro que si. Que se pedía o ano pasado?, isto que lle mostro a vostede que é un volante de empadramento e este volante de empadramento aquí por atrás ten algo tan sinxelo que é un código e este código pódese ler, pódese utilizar e dende a Xunta de Galicia poden acceder e verificar estes datos e estes volantes levan un selo, o único que non levan é sinaturas e ponse en dúbida o que di este volante, atrévase vostede a por en dúbida o que di este volante, dirixase vostede a quen obrigou a pedir este certificado, ademais de maneira sorpresiva porque iniciábanse, precisamente, como se tiña feito o ano pasado, dende a oficina de Padrón, iniciábase o de enviar os volantes que se mandaban ao detectar que o programa informático, que ás veces funciona, que aparecían cos nenos de tres anos que se detectan, pois remitíanse eses volantes e cando se iniciaba iso pois chegaron as peticións de certificacións masivas.

Despois, o que lle dicía o compañeiro Tino Fernández, pódeno verificar vostedes subindo a cuarta planta de Michelena, 30, alí hai asesores e sobre todo hai un Tribunal económico-administrativo e alí lles informarían do errado da petición de vostedes, non se pode aplicar retroactivamente iso e pónolle un exemplo que o estamos a vivir aquí en Pontevedra claramente, que se chama o principio de seguridade xurídica, tiñamos o principio de seguridade xurídica que tiña un ano, para vostede non sei si di algo para nós si, o ano 2018 que estaba aí á volta da esquina, porque críamos e o partido de vostedes tamén cría nese principio de seguridade xurídica e por iso no se atreveu, como vostedes pretenden, pola porta de atrás a modificar esa norma senón que levaron a Lei de costas ao Congreso, iso é o que nos move aos que estamos aquí, non podemos caprichosamente, cara á galería, vir aquí cunha moción de imposible cumprimento para quedar ben cos pais e coas nais, cos pais e coas nais podían haber quedado de outra forma non esixindo ese certificado que a norma non o esixe.

Por outro lado, se vostedes queren quedar ben propoñan que para o vindeiro ano a Xunta de Galicia comprobe isto, este código, que para iso están os programas informáticos, para iso funcionan, e pódese acceder a el aínda que vostede o criticara de esa maneira. Senón e así sería suficiente con que a este Concello e realmente se este concelleiro segue levando a concellería de Interior, con que da Delegación da Consellería se dirixira un oficio, cousa que non fixeron antes, expídanme estes volantes dos nenos que cumpran os tres anos e houbéraselle enviado verificando eses datos, pero o demais e quedar ben cara á galería e dirixir os dardos onde non debe, diríxaos a outro lado, non para aquí.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. García Legísima.

Sr. Meijón, ten a palabra.

O Sr. Meijón Couselo: Muchas gracias pola lección maxistral que nos deu agora



mesmo, é cuestión de lembrar cousas.

Pero bueno, hai que lembrar varias cousas, a lei tamén di que non se poden prorrogar contratos que han superado a súa duración máxima, a lei tamén prohibe adxudicar unha obra a dedo e logo simular o procedemento de contratación.

Por outra parte, eu non sei se está enterado ou non, pero si hai concellos que teñen exención neste punto. Polo tanto, penso que a posibilidade de aplicalo é posible, digo eu, entón no mo explico.

Por outra banda, vostedes o que enviaban antes era o volante, non era certificado, e precisamente se se pide o certificado de convivencia é xustamente, repito, para facer moito máis transparente a matrícula nos centros, o proceso da matrícula, si, digan o que digan vostedes, isto é así. Eu si sei do que lles falo e iso non é de agora, non é simplemente de agora, no meu centro, por exemplo, se presentaron certificados de convivencia, para garantir xustamente que os rapaces se poidan matricular no centro que lles corresponda, senón evidentemente consulten, pero esta cuestión é así.

Falaba vostede da etapa escolar, faime gracia o tema, porque mire eu estiven presente foi un punto que tratei na anterior lexislatura, é dicir, estiven presente nunha reunión, daquela, non se chama Axencia Territorial, e xustamente, cosa curiosa, quedaron vostedes cando gobernaban a Xunta de facer un mapa escolar, que fixeron?, nada, absolutamente nada, ao mellor non porque non puideran e porque ao mellor non lle conviña, ao mellor de cara ás eleccións. É curioso que me fale vostede de mapa escolar, cando consta no servizo do Ayuntamiento que agora si polo menos se está estudando o mapa escolar e xustamente esperamos que vaia adiante, pero que me fale vostede de iso, mellor entérese e consulte, esta é a cuestión.

Mire, que quere que lle diga, chámalle vostede moción hipócrita, pois eu non sei que quere que lle conteste a isto, para hipocresía a a súa logo que está falando de temas, eu non sei se vostede está enterado ou non pero que eu dende logo coa súa exposición levo unha sorpresa, onde estamos en que país nos movemos. Mire, as cuestións son claras, aquí non hai ningunha moción hipócrita nin isto é como dicía o seu compañeiro para quedar ben cos pais e nais dos alumnos damnificados por este cobro, non entedemos o por que, repito que outros concellos non o fan ou teñen exencións. Polo tanto, de hipocresía en absoluto aquí do que se trata é xustamente de defender este tema e que vostedes non cobren por ese concepto, parécelles hipócrita iso, o único que digo é que o titular é claro, o goberno quere seguir recaudando, o goberno polo tanto quere seguir cobrándolle ás familias por este concepto de expedición de certificado e punto, non hai outro titular e non quere dar marcha atrás en algo que se podería dar marcha atrás sen ningún tipo de problema.

Nada máis, moitas gracias.

Incidencias. - Auséntase da sesión D. Xosé Luis Bará Torres.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Meijón.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Si, brevemente.

Para no repetir argumentos, vamos a ver a veces non hai peor xordo que o que non

quere oír. Mire, non podemos confundir as exencións coas derogacións para un caso concreto, as exencións figuran na norma, están na norma as exencións, senón están na norma non se pode eximir. Entón, evidentemente, se vostedes traen aquí unha modificación da norma para as exencións, estudémola, pero non podemos devolver os cartos recadados, é que é imposible, é un imposible legal, me parece que é inútil discutir sobre iso porque parece que non nos entendemos, consúlteno vostedes pero é que é así, as exencións teñen que figurar na ordenanza, senón figuran non se poden aplicar e como non están traían vostedes aquí unha modificación ou senón non traían nada.

Mire, vamos a ver, o tema do mapa escolar é que xa cheira bastante, non, cheira tanto como o da herencia recibida. É que vostedes levan gobernando na Xunta de Galicia cinco anos, vostede me está falando do bipartito pero é que xa pasou unha legislatura que gobernaron vostedes e que tampouco fixeron nada. Vense reclamando continuamente no Consello Escolar Municipal, que nos presenten un mapa escolar e non o traen, non se remonte vostede ao ano 2007, despois do 2007 tamén houbo vida, houbo o 2008, o 2009, o 2010, o 2011 e o 2012 e seguimos esperando por un mapa escolar. Entón, a herencia recibida é a súa herencia xa, catro anos de goberno nos que tampouco se fixo o mapa escolar esa é a herencia. Entón vamos a centrarnos no tema, evidentemente, eu non sei se o termo hipócrita, dende o punto de vista político lle parece excesivo ou non pero a min me parece que cando hai outros temas que economicamente lle afectan máis ás familias e que vostedes deprecian, por exemplo o tema do Carlos Oroza, por exemplo as taxas universitarias, por poñer dous exemplos, non, por exemplo a gratuidade dos libros de texto, a supresión da gratuidade, é dicir, me parece que hai un certo nivel de hipocresía en presentar unha moción deste estilo, están vostedes en todo o seu dereito e eu respecto que se presenten todas as mocións que se queiran presentar pero, evidentemente, valore vostede se cando traemos aquí unha moción para defender cuestións relativas ao mundo da educación en Pontevedra como é a construción do Carlos Oroza vostedes votan que non, por exemplo, por non falar dos comedores escolares, dos que discutiremos logo se quere, claro, que vostede considere que non hai un certo nivel de hipocresía me parece...

Por último, pensar que o Concello de Pontevedra ten un afán recadatorio cando o único que fai é aplicar unha norma xerada pola administración da Xunta de Galicia, onde non gobernamos, pensar que a recadación por expedición de certificados de padrón vainos a salvar da ruína o algo así, menos mal que estamos ben economicamente, pero claro pensar que 600 certificados vanos a salvar da quebra económica. Nós non somos os que queremos que se aplique esa norma, esa norma venos imposta e como nos ven imposta temos que aplicala porque esa é a nosa labor, nos non podemos derrogala, temos que aplicala, traían vostedes aquí unha proposta para modificar a ordenanza, pero traían aquí a proposta non nos pidan que devolvamos uns cartos que vostedes saben que non podemos devolver.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. García Legísima.

O Sr. García Legísima: Brevemente. Para incidir no que xa dixo Tino Fernández, as ordenanzas de taxas están aí pero vendo ás veces a sonrisa con que din as cousas, véñenme dúas cousas á cabeza, unha é aquela frase de Groucho Marx, se vostedes



realmente cren no que din e no que defenden ou no que ven: O que están vendo é o que se lle está dicindo que o ano pasado solicitáronse 113 certificacións e había nenos tamén de tres anos, este ano solicítanse moitas máis, fixo algo o Concello para iso? e vostede como quere indicar que con iso se está, que é un afán recadatorio, preocupase vostedes, por exemplo, dos funcionarios que teñen que acudir pola tarde durante esta acumulación de tarefas e se ao final de mes se ten que aboar produtividade, pois posiblemente si, non se preocupe na próxima comisión informativa daráselle conta, de afán recadatorio nada. E vendo tamén a cara de felicidade que poñen as veces co seu sorriso defendendo estas cousas a un venlle á cabeza aquela escola filosófica postsocrática de Diogénes de Sinope pero non me ven pola cara de felicidade que cría esa senón pola acepción que ven no dicionario da real academia a primeira delas.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. García Legísima.

Sr. Meijón, para rematar xa o debate, ten a palabra.

O Sr. Meijón Couselo: Mire, respecto á cara de felicidade hai que ver a dos seus compañeiros, porque entón evidentemente a cuestión sería tamén para os seus, iso xa para empezar. Xa que se refire a Groucho Marx, vostedes se cren o que están a facer, porque entón habería que preguntarlle a vostedes, xa para empezar.

Outra cuestión máis, mire, queixas hai, porque están presentadas por rexistro outra cousa e que non sei se llas pasan ou non llas pasan, infórmense porque queixan hai a este respecto, iso xa para empezar; segundo, non hai recadación, non o cobren, xa está. Vostedes están dispostos a modificar a ordenanza?, non hai problema ningún, nosoutros presentamos, vaise presentar, pero á parte de iso non lle cobren os certificados, devólvannlle o diñeiro.

Mire, a palabra hipocresía empezou vostede, eu dende logo non ía sacala eu, pola miña banda, non vou por eses lares, poderemos estar ou non de acordo na exposición de motivos ou se quere na defensa pero, evidentemente, por esa liña non vou a ir porque aquí se están a debater cousas, non se está a increpar un a outro con unha linguaxe que a veces non é a máis propicia, iso para continuar.

Por último, mire, a cuestión é clara, repito, vostedes non o queren facer, se queren facelo fagan, queren modificala, non hai problema, presentamos para que se modifique, van a aprobala, neste momento dubido moito, dubidamos este grupo de que así sexa. Polo tanto, non me veña a min con historias, demóstreo, non lle piden aos demais que o demostren e que estean á altura das circunstancias, estean á altura das circunstancias vostedes, ás veces hai que reflexionar un pouquiño.

Nada máis e moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP relativa á devolución das taxas aboadas pola expedición dos certificados de convivencia

solicitados para a matrícula nos centros de ensino.

8.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E TRATAMENTO DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“O pasado día 12, deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación obrigatoria dos galegos e galegas cunha medida que pon en tea de xuízo a igualdade de oportunidades, vulnera o dereito á educación e ó deber de estar escolarizado.

O goberno do PP anuncia a eliminación da gratuidade do comedor ao alumnado con dereito a transporte escolar e aumenta o copago para o resto.

Eliminar o dereito ao comedor escolar gratuíto para o alumnado transportado, non cumpre a función compensatoria para o que estaba pensado, non cumpre nin moito menos a función social, penaliza á poboación do medio rural e penaliza ás familias que teñen máis dificultades económicas.

Ante a quebra económica das familias consecuencia dun sistema cómodo para o poder, o PP responde ca eliminación das conquistas sociais que conformaban unha sociedade máis xusta, onde se repartían os recursos públicos para facilitar a escolarización obrigatoria, gratuíta, laica e de calidade. Elimináronse a gratuidade dos libros de texto e substituíuse por unha nefasta xestión de cheques mal repartido, chapodáronse os recursos destinados ás bibliotecas, os cartos para o funcionamento dos centros educativos, o número do profesorado e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo básico e insubstituíble.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado e cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a manter o servizo de comedor gratuíto para o alumnado con dereito a transporte escolar, así como non aumentar o copago para o resto do alumnado.

Instar á Xunta de Galiza a deseñar medidas específicas para garantir, alo menos, a gratuidade do comedor escolar para aquelas familias con máis dificultades económicas, en todos os niveis educativos.

Demandar da Xunta de Galiza que vele polo ensino público reforzando as medidas que camiñen cara unha verdadeira gratuidade do servizo a costa das inversións no ensino privado.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra á concelleira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona María do Carme Fouces Díaz.



A Sra. Fouces Díaz: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

O pasado 12 de marzo o goberno do PP na Xunta perpetrou un novo ataque ao que é o ensino público e unha das conquistas sociais que nos últimos anos se obtivo, que era a gratuidade do comedor para aqueles alumnos ou alumnas que tiñan dereito a transporte escolar, vano eliminar dun plumazo neste novo decreto, decreto que, hai que dicir, o Consello Escolar de Galicia rexeitou, votou en contra, e lle pide encarecidamente á Xunta que non o aplique.

Sempre se utilizou a renda das familias para pagar o comedor escolar naqueles casos nos que voluntariamente, sen que estiveran suxeitos ao dereito a transporte escolar, quixeran utilizar ese servizo, polo tanto, non é ningunha novidade que se aplique ese criterio, o único problema é que antes se pagaba menos e agora se vai a pagar máis, é dicir, vai haber un copago moito máis elevado.

A cuestión de que o alumnado do rural que tiña dereito ao transporte escolar gratuito tivera tamén dereito ao que é o comedor era unha medida compensatoria que beneficiaba moito a ese tipo de alumnado e ademais, neste momento coa que está caendo, é unha medida social dunhas dimensións que creo que non hai que explicar. Todo o que sexa aumentar taxas ou aumentar cartos que as familias teñen que poñer enriba da mesa para que os seus fillos e fillas poidan ir a unha escola obrigatoria e pública pois vai agudizar todavía máis o problema no que estamos.

Supoño que empezará a rondarlles pola cabeza, se non lles ronda xa, a posibilidade de que sexan os servizos sociais os que garantan, dalgunha maneira, que as familias que están en peores dificultades teñan sufragados os comedores escolares, eu só lles pido que reteñan este dato na cabeza: a Consellería de Educación ten o dobre do orzamento que teñen todos os concellos xuntos, polo tanto, con este dato, se teñen esa tentación de dicir que teñen que ser os servizos sociais os que se fagan cargo do que a Consellería de Educación está deixando de facer pois creo que terán que repensar se iso é defendible ou non.

Eliminar todo o que se leva eliminado ata o de agora, como dicía o meu compañeiro de goberno, a gratuidade dos libros de texto, e substituílo por unha nefasta xestión dun suposto cheque asistencial que supoño, como están tan informados, saberán todas as queixas que iso está traendo, chapodando todos os recursos ás bibliotecas, aos centros educativos, ao funcionamento dos centros, os gastos correntes, en xeral, o número de profesorado... todo iso está deteriorando o que é un servizo básico e insubstituíble.

Pola contra, ante a situación de que non hai recursos, podemos dicir que se están destinando 240 millóns de euros ao ensino privado concertado, maioritariamente relixioso e 3 millóns de euros para subvencionar aqueles centros que segregan a nenos e nenas nas aulas. Tamén é certo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou ilegal esa aportación e a Xunta dixo que a ía executar, pero isto ten trampa, a LONCE vai a legalizar estas subvencións e, polo tanto, vai ser un ano no que estes centros se teñan que apretar un pouquiño o cinturón e non vai haber máis problema.

Polo tanto, nós creemos que é un tema de suma importancia, por iso o traemos aquí de urxencia e pedimos que se acade o acordo de instar á Xunta de Galicia a manter o servizo de comedor gratuito para o alumnado con dereito a transporte escolar así como non aumentar o copago para o resto do alumnado. Tamén instamos á Xunta de Galicia a deseñar medidas específicas para garantir, a lo menos, a lo menos, a gratuidade do comedor escolar para aquelas familias con máis dificultades

económicas, en todos os niveis educativos, e demandar da Xunta de Galicia que vele polo ensino público reforzando as medidas que camiñen cara unha verdadeira gratuidade do servizo a costa das inversións no ensino privado.

Grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sra. Fouces.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE.

O Sr. Fernández González: Gracias.

Imos seguir cos calificativos: inmoral, vouno calificar de inmoral, porque creo que é a palabra que define perfectamente esta actuación do Partido Popular e do Presidente da Xunta, o señor Feijóo, e do Conselleiro de Educación, respecto deste copago que queren instaurar nos comedores escolares. Indignante tamén é que se poida tildar esta medida como moi progresista, iso xa era o que faltaba. Agora resulta que para o PP é progresista implantar nos centros escolares un comedor para ricos e un espazo para pobres, estes últimos, que non pagan o comedor, terán que estar illados dos seus compañeiros, dos que poden pagar, porque poderían contaminar a comida de pago. Este é o progresismo do señor Feijóo e do seu conselleiro que pretenden facernos crer que son políticas de progreso aquelas políticas que, en realidade, o que xeran é unha dobre vía dentro da educación na que, por outra parte, se senten vostedes tremendamente cómodos, e que non deixa de ser outra forma de segregar, na que tamén parece sentirse moi cómodo o Partido Popular. Os nenos e nenas verán moi pronto como hai dous grupos, un o dos que teñen cartos para comer, fíxense vostedes que estaban preocupados polos cinco euros, e outros que terán que conformarse co tupper. Estes son os valores que pretende instaurar na escola o Partido Popular.

A escola é un elemento de integración, é un elemento igualitario, as diferencias, todas as diferencias deben quedar na porta da escola, e vostedes o que pretenden é establecer diferencias tamén dentro da escola. Nós xa lla advertimos, e xa llo dixo tamén o Consello Escolar, porque vostedes as veces é que non escoitan, o Consello Escolar xa llo dixo, non só o Partido Socialista, non, é que llo dixo todo o Consello Escolar, e nós insistimos, van ter que pagar comedor escolar aqueles que gañen o salario mínimo interprofesional e, nalgúns casos, incluso os que gañen menos do salario mínimo interprofesional, fíxense ben. Polo tanto, miren vostedes o que es están facendo, xerar unha dobre vía. Pero bueno, forma parte do seu plan e o plan é desmantelar a escolar pública, a lei Wert é un exemplo claro diso e isto non é máis que outro paso para desmantelar esa escolar pública que a vostede parece que non lles gusta, para voltar a unha educación de dobre vía que, fíxense vostedes por onde, xa denunciou un ministro franquista, Villar Palasí, alá polos anos 70, cando elaborou a Lei Xeral de Educación, e vostedes pretenden retrotraernos a momentos anteriores a esa lei. Será a súa responsabilidade e non lles vai saír gratis.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Fernández.

Ten a palabra dona María José Rodríguez Teso, en representación do grupo municipal do Partido Popular.



A Sra. Rodríguez Teso: Moitas gracias señor Alcalde. Bo día a todas e a todos.

Vamos a ver, aquí hai un goberno só pero sempre teño que falar contra dous, eu non sei como é isto, podían poñerse de acordo e falar un só e así acababamos antes.

Din vostedes na súa moción que o decreto de comedores penaliza ás familias que teñen máis dificultades económicas, pero vostedes leron o decreto? porque que eu saiba, señor Fernández, o copago instaurouno a súa consellería do bipartito, coa señora Sánchez Piñón ao fronte, non bote as mans á cabeza porque foi en febreiro de 2007 cando se instaurou ese copago, entón, eu penso e estarán de acordo, supoño, que o lóxico, coa que está caendo, é que unha familia que gane 100.000 euros ao ano será mellor que pague algo de comedor que non unha que gane, ao mellor 25.000, estaremos de acordo, supoño, coa que está caíndo. Eu penso que, precisamente, o que fai este decreto é protexer ás familias con menos recursos. Saben vostedes que a gratuidade é total para aquelas familiar cuxa renda per capita anual sexa inferior a 7.000 euros/membro, vale?, cando antes, despois lle falarei do exemplo que temos claro en Pontevedra, porque vostede moito fala pero hai que saber do que se fala, cando antes todo o mundo pagaba o mesmo, os que tiñan moito e os que non tiñan nada, e iso é o que non pode ser.

Eu penso que é unha medida equitativa, social, que, xa lle digo, implantaron vostedes con aquilo que se levaba tanto naquela época de “la conciliación de la vida laboral y familiar”, ademais da conciliación da vida laboral e familiar agora tamén temos que lidiar co problema da crise económica e da chea de familias que están con moitísimos menos cartos que, en Pontevedra, están pagando o mesmo que as que teñen moito, o mesmo, se de verdade lle importara fixébase un pouquiño no que está pasando aquí, sen ir máis lonxe. De feito, a súa consellería, coa señora Piñón aos fronte defendeu o modelo como un modelo bo e xusto que era para favorecer, como dicía antes, a conciliación da vida laboral e familiar, independentemente da renda familiar, independentemente.

Eu non sei se vostede se lembra, señor Fernández, do que pasou en Pontevedra coa promesa da súa consellería, ao mellor non, porque non lle interesa tampouco, pero cando se instauraron aquí os comedores escolares a consellería do bipartito prometeu ao Concello de Pontevedra, as ANPAS e a Federación de Pontevedra pagar o 50% do importe dos menús, e só dende o mes de setembro a decembro metéronlle un pufo aos pais, ao concello e a FANPA de 40.000 euros, e eu non vin que os señores do Bloque, o señor Alcalde máis o seu grupo de goberno, puxera ningunha moción contra a consellería. Quedaron as familias todas co cu ao aire, con perdón, e foi un problema moi serio, moi serio, e para máis inri, no mes de xuño 100.000 euros quedaron a deber. Mentres que as ANPAS, que eramos todos xente voluntaria que estabamos aí para axudar tiñamos que acabar facéndonos cargo desa débeda que tiña a consellería con nós co noso patrimonio persoal, pero eu tampouco escoitei aquí que ninguén protestara nin puxera ningunha moción.

Agora, precisamente, do que se está tratando é de defender á xente que non ten, da igual que os que teñen transporte escolar aínda que ganen 200.000 euros ao ano como teñen transporte pois que vaian gratis. Home, xa está ben!

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias Sra. Teso.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: É que eu non sei por onde empezar.

Isto da herencia recibida...vimos aquí a falar da herencia recibida, cun desparpajo enorme, virlle a botar agora aquí a culpa do que van a facer vostedes a un decreto que se fixo no ano non sei cando, non o entendo, ademais un decreto que o único que fixo foi regularizar o que estaba desregularizado polo PP, polo PP, aquilo era un cristo que se intentou ordenar e, entón, virlle votar a culpa aquí a un goberno que o que fixo foi un esforzo por mellorar a calidade da educación pública en Galicia como non fixo ningún goberno autonómico na historia, como non fixo ningún goberno autonómico na historia, virlle votar agora aquí a culpa de que vostedes pretenda facer pagar nos comedores onde non se estaba pagando é ter un pouco de cara. Vir aquí agora a falar do que pasa no comedor de Pontevedra cando o comedor de Pontevedra non está xestionado pola Xunta, entón, non mesture vostede churras con merinas. Vamos a ser serios e vamos a quitarnos as caretas, aquí o que pasa, o que se esconde detrás de todo isto é a posibilidade de facer negocio, que é o que lles vai a vostedes, e o que lles vai aos seus amigos, pero isto é un atentado contra o principio constitucional de igualdade, esa é a realidade, vostedes poden escondela dicindo: “y tu lo hiciste también mal”, non, non, mire, é que vostedes fano peor, moito peor, vostedes establecen unha dobre vía, vostedes segregan, segregan. Parece mentira, ademais, porque a vostede lle toca facer un papelón, porque vostede ven dese mundo, coñece ese mundo, vostede que acaba de ver como as ANPAS de Galicia se posicionan claramente en contra do copago nos comedores escolares, resulta que vostede ven aquí a defender o que non defendía antes, a ver, cada un defende o que quere e ten dereito a cambiar a súa forma de ver a vida e de ver as cousas, a equivocarse ou non equivocarse pero, a ver, vostede ten que ser tamén consecuente con algunhas cousas, isto é un pouco sangrante. A min, a verdade, moléstame profundamente que sempre se fale aquí da herencia recibida, home, por favor, vostedes levan gobernando xa cinco anos, gobernando é moito dicir, mandando como moito, gobernar é outra cousa, gobernar é xestionar e vostedes non xestionan, salvo para algúns amigos, para eses si xestionan ben, os dos colexios que segregan aos nenos e as nenas, por exemplo, para eses si que xestionan ben, fan vostedes unha boa xestión. Xa está todo dito, está na lei Wert, é así, xa o coñecemos todos por boca do señor Rajoy, o programa electoral é traballar máis, cobrar menos, pagar os servizos públicos esenciais...ese é o futuro que nos depara con vostedes, é así. Pero vostedes se olvidan de que xa pagamos impostos pola educación e pola sanidade, e que o que vai pagar polo comedor público vai a pagar dúas veces, vai pagar cos seus impostos e co seu salario, vostede me di que os que ganen menos de 7.000 non pagan, claro, e cal é o salario mínimo interprofesional?, seis centos?, por catorce pagas?, dígame vostede.

A vostedes o que lles pasa é que non cren no estado de bienestar, non cren no estado de bienestar, e o ditame do Consello Escolar é moi claro, moi claro, non é ditame do Partido Socialista nin de ninguén, é do Consello Escolar, onde está representada toda a comunidade escolar, esa é a realidade, entón, vostedes teñen que pensar que cando todos están nunha posición e vostedes están noutra ao mellor os equivocados son vostedes, ao mellor é que o resto ten algo de razón. Eu tampouco lle escoitei ningún argumento de por que hai que pagar, aparte de que é unha inxustiza que os que teñen máis...non, mire, os dereitos son para todos iguais, porque para iso son dereitos, porque senón sería privilexios ou sería caridade, hai un principio básico de solidariedade e de igualdade que establecen os dereitos, é un



principio constitucional que vostedes, por suposto, se saltan a la torera.

Eu xa sei que isto é perder o tempo porque, por moito que se lles diga, vostedes non están por esa labor porque hai outros intereses, pero díganlo claramente, hai outros intereses e vostedes están apoiando outro tipo de intereses. Vostedes teñen un modelo que segrega, un modelo que divide, e iso é así, non mova a cabeza, é así, e vostedes establecen unha dobre vía na educación, a vía dos que teñen e a dos que non teñen, é así, e un modelo que viña funcionando perfectamente como o dos comedores escolares resulta que vostedes destrozan, en cotra dos pais, das nais, en contra dos profesores, en cotra de todo o mundo, e non son capaces de recoñecer que, ao mellor, ao mellor, non teñen toda a razón, non son capaces de recoñecelo, é que viven vostedes na pola.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Fernández.

Sra. Fouces, ten a palabra.

A Sra. Fouces Díaz: Moitas gracias.

Eu creo que aquí estanse mesturando un par de cuestións, unha cousa son os comedores xestionados polas ANPAS e outras cousas son os comedores que van a ser afectados por este decreto, non mesturemos. Aquí hai uns comedores que son da Xunta, que son os que están suxeitos a ese copago e son os que están suxeitos a esta eliminación da gratuidade, nada que ver cos comedores que puxeron en marcha as ANPAS, iso para empezar.

En segundo lugar, eu lamento estar en desacordo co meu compañeiro Fernández nunha cuestión que dixo e que non sirva de precedente: a señora María José Rodríguez Teso defende o mesmo que defendía cando era Presidenta da FAMP, a señora María José Rodríguez Teso sendo Presidenta da FAMP manifestouse publicamente a favor da eliminación da gratuidade dos libros de texto; eu, como nai naquel momento, mandeille un correo electrónico, ao cal non me contestou, argumentándolle que me parecía que unha Presidenta dunha federación dunha AMPA manifestara, a título particular, porque me consta que non era unha decisión tomada no seno da FAMP, en contra da gratuidade dos libros de texto. A diferenza de visión entre a señora María José Rodríguez Teso, supoño que agora compartida no seu grupo natural, que é o Partido Popular, e a diferenza que defendemos nós dende aquí, e entendo que tamén dende o Partido Socialista, é que unha familia que gane máis de 25.000 euros, é dicir, que gane 26.000, que gane 260.000, que gane 26 millóns, que gane 260 millóns, vai pagar o mesmo cunha familia que estea por debaixo dos 25.000, é dicir, o que ten que pasar aquí é que unha familia que ten unha determinada cantidade de ingresos ten que pagar impostos de acordo a eses ingresos e a administración pública ten que recadar eses ingresos e repartilos equitativamente entre toda a poboación para dar un ensino público, gratuíto, laico e de calidade, iso quere dicir que o neto de Amancio Ortega, se paga impostos de acordo aos impostos que ten tanto dereito como o meu fillo o como os seus fillos a ir a unha escola pública cos libros gratuítos, o mesmo, para iso paga os impostos proporcionalmente aos seus ingresos, que non son os mesmos que os meus e que os seus. Esa é a diferenza, non se trata de que se lle meta a man no bolsillo a uns dicindo: “non é que a partir de 6.000...”, me vai dicir vostede a min que unha familia

con 7.000 ou 8.000 euros de ingresos anuais, con dous rapaces, per cápita, per cápita, hai familias mono parentais, ten unha capacidade económica adecuada para pagar o comedor escolar, realmente estamos a falar diso?, estamos a falar diso?, estamos dicindo que por que un señor ten máis de 25.000 euros vai pagar unha cantidade maior da que pagaba, ou deixa de ter a gratuidade do comedor, vai resolverlle a papeleta?, francamente, hai que pagar impostos segundo a renda que cada un ten e despois o Estado se ten que encargar de repartir esa riqueza, esa é a gran diferenza que hai entre a súa visión, a visión que defenden vostedes e a que defendemos nós.

Voulle dicir unha cousa, sabe o que custan os comedores escolares que están agora suxeitos a este decreto?, lle custan á Xunta 27 millóns de euros, sabe o que custa manter o ensino da relixión nas escolas públicas?, custa 29 millóns de euros; eu invítolle a vostedes que lle digan ao señor Conselleiro de Educación, ao señor Presidente da Xunta, que Deus lles vai perdoar, de verdade que lles vai persoar, se eliminan aos profesores e profesoras de relixión, a relixión das escolas e destinan ese diñeiro aos comedores, de verdade que van ser eximidos de toda culpa, llo garantizo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señora Fouces.

Algunha outra intervención?, señora Rodríguez Teso, ten a palabra.

A Sra. Rodríguez Teso: Moitas gracias.

Por unha banda, efectivamente, do que vostede fala é dos comedores que teñen transporte escolar e ambos os dous falan de que non haxa diferenzas entre os alumnos, ben, se non queremos que haxa diferenzas e cando o bipartito gobernaba na Xunta e as ANPAS lle demandabamos que asumise so comedores de ANPAS e un señor do PSOE, moi bo político por certo, dixo que iso era inviable, e agora a Consellería pretende, de momento, asumir o 60% para que os comedores de ANPA e os alumnos que van alí, que son como os outros que van ao outro lado, están pagando, por exemplo en Pontevedra, case 70 euros ao mes por ir cinco días á semana, penso que teñen o mesmo dereito que os que van aos comedores da Xunta, ou non teñen?, porque hai sitios nos que aquí hai un comedor de Xunta e aquí un comedor de ANPA, os dous sen transporte escolar, e aquí non pagan nada e aquí pagan 70 euros ao mes por ir cinco días á semana, entón, non dicimos que queremos que todos sexan iguais?, vostedes son os primeiros que pretenden que non sexa así.

Despois, xa a súa compañeira o rectificou, non é que eu non estivera de acordo coa gratuidade dos libros de texto, eu non estaba de acordo coa gratuidade universal, igual que non estou de acordo con que todo o mundo pague o mesmo no comedor, hai xente que non debería pagar nada e hai xente que ten que pagar, aínda que cada un pague os seus impostos e bla, bla, bla...porque estamos nunha época na que non todo o mundo pode facerse cargo do comedor do seu neno e, sen embargo, si necesita comer no comedor. Deixémonos de demagoxias e de historias porque aquí vostedes poñen na súa moción moita historia de: "instar á Xunta de Galicia a deseñar medidas específicas para garantir, a lo menos, a gratuidade do comedor escolar para aquelas familias con máis dificultades económicas en todos os niveis educativos", pois diso se trata, das familias con máis dificultades económicas, se o están pedindo vostedes!, de que estamos a falar aquí?, isto parece un diálogo de



besugos. Non teño máis que dicir.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Moi brevemente, señor Fernández.

O Sr. Fernández González: Tan brevemente como que, mire, se todo o mundo necesita comer nos comedores aprenda da Junta de Andalucía.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita nos seus propios termos.

C) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:

9.- DACIÓN CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 01.04.2012, DE CORRECCIÓN DE ERROS EN SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A PRESTACIÓN SERVIZOS SOCIAIS.

O Pleno do Concello toma coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local do 01.04.2012, de corrección de erros en solicitude subvención para a prestación servizos sociais.

10.- DACIÓN CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 22.03.2013, DE NOMEAMENTO REPRESENTANTES CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES POLA SUBSTITUCIÓN MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto da Alcaldía do 22.03.2013, de nomeamento representantes Concello nos Consellos escolares pola substitución membros do grupo municipal do PP.

11.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de marzo de 2013, así como das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de febreiro de 2013.

12.- PREGUNTAS.

A) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, SOBRE O PLAN DE ABSENTISMO ESCOLAR.

A Sra. Rodríguez Teso: Gracias, señor Alcalde.

É a pregunta do Pleno, a obrigada de todos os Plenos, quero saber se vamos traer

dunha vez o plan de absentismo, só dígame se o imos traer ou non algunha vez, nada máis, vamos a deixarnos xa de demoras inxustificadas, só iso.

Gracias.

Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sra. Rodríguez Teso. Non sei se quere contestar alguén?.

Ten a palabra o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Si me permite, señor Alcalde, quero contestar.

A resposta fácil sería dicirle que o plan de absentismo irá no mesmo Consello Escolar, na mesma orde do día na que vaia o mapa escolar, esa sería a resposta fácil pero non a vou a dar así, vou simplemente a dicirle que a reiteración na súa pregunta, que eu sei que vostede a fai con boa fe, podería dar lugar a pensar que en Pontevedra hai unha especie de guirigai montado, onde os rapaces non van a clase, andan pola rúa todo o día e nadie se preocupa de iso, e mire, non é así, en Pontevedra, primeiro, non existe ese problema, cuantitativamente non existe, segundo, hai un procedemento estandar que rexe e funciona moderadamente ben, diría eu, non hai moitas queixas sobre el, polo tanto, non estamos desatendidos nesa historia, non estamos desatendidos. Probablemente o plan de absentismo veña a mellorar a cousa, probablemente, pero tampouco é que os rapaces anden pola rúa todo o día desperdigados e que os pais estean preocupados e que haxa un problema social, nin unha alarma social, mire, igual hai tantos ou máis pais preocupados polo tema do mapa escolar. O tema do mapa escolar é un tema preocupante que xenera moitas disfuncións e que este concelleiro leva esperando dous anos, creo que xa ven de atrás, entón, eu lle propoño que ao mesmo tempo que nos pregunta a nós, ao grupo de goberno, polo plan de absentismo, que pregunte a ese ser virtual que vive alí no edificio da Xunta cando nos vai traer alí o mapa escolar.

B) PREGUNTA FORMULADA POR ESCRITO POLO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JACOBO MOREIRA FERRO, SOBRE A CESIÓN DE INMOBLE MUNICIPAL EN FAVOR DO CEIP ALVAREZ LIMESSES.

O teor literal da pregunta, presentada antes do comezo deste pleno, é o seguinte:

“A ANPA do CEIP Álvarez Limeses ven desenvolvendo unha encomiable labor en prol do centro. Dende hai uns anos, cando se conseguiu restaurar unha das casas antigas de mestras/es, vense empregando ese espazo para prestar os servizos de comedor e plan madrugada e para programar diferentes actividades extraescolares, recuperando así un edificio público en ruína.

Actualmente, noutro extremo do recinto, existe un edificio xemelgo tamén en estado de abandono. A ANPA do CEIP Álvarez Limeses leva tempo facendo xestións para levar a cabo a iniciativa de facer outra recuperación nese edificio municipal, que o Concello ten abandonado, para dedicalo a accións pedagóxicas. Concretamente a idea é rehabilitalo, instalando nos andares baixo e primeiro salas de uso múltiple, e oficinas no segundo andar.



A ANPA vén de presentar no Concello unha petición de cesión do devandito inmovible para a súa rehabilitación e dedicalo posteriormente a actividades pedagóxicas da comunidade educativa do CEIP Álvarez Lirneses.

Por elo, formulamos a seguinte pregunta ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra:

Vai o Concello de Pontevedra a atender a petición formulada pola ANPA do CEIP Álvarez Lirneses relativa ao inmovible ubicado no número 11 da rúa Joaquín Costa? (Adxuntamos copia da petición)”.

O Sr. Alcalde-Presidente: Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias señor Presidente.

Hai unha pregunta formulada por escrito na que nos facemos eco dunha petición formulada pola ANPA do CEIP Álvarez Lirneses na que solicita a cesión do inmovible que se atopa no recinto do CEIP Álvarez Lirneses, o edificio xemelgo que foi rehabilitado, da que vostede supoño que ten constancia por escrito, posto que a nós se nos deu copia desa proposta. Nós o que lle queremos preguntar hoxe aquí é si vai o Concello de Pontevedra a atender a petición formulada pola ANPA do CEIP Álvarez Lirneses relativa ao inmovible ubicado no número 11 da rúa Joaquín Costa.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias pola súa pregunta da que, efectivamente, teño coñecemento por escrito de hai uns días, máis ou menos, pero tamén teño que dicirlle que teño coñecemento de viva voz desa cuestión, de xa hai algún tempo máis, porque a ANPA si que falou comigo persoalmente desta cuestión e eu o que lle podo dicir é que estamos no asunto e que, nestes momentos, se están comprobando certas cuestións de tipo administrativo por parte de Patrimonio e cando teñamos perfectamente definida a situación administrativa do inmovible informárolle puntualmente, por escrito tamén, á pregunta que me formula hoxe.

Moitas gracias.

13.- ROGOS.

A) ROGO DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JACOBO MOREIRA FERRO.

O Sr. Alcalde-Presidente: ten a palabra o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: moitas gracias, señor Alcalde.

Nós vemos, hai unhas semanas, de anunciar publicamente, e xa o comentei aquí con ocasión doutro punto, a nosa proposta en firme de aprobar o documento de plan xeral que traian a aprobación inicial, calquera documento de plan xeral, non facemos ningunha esixencia en canto ao seu contido, dámoslle, por tanto, un cheque en branco para que formulen ese plan xeral e, polo tanto, feita esta proposta e coñecida a posición do Partido Socialista creo que o que cumpre é un rogo neste pleno para

instar do goberno local, entendo que da ala nacionalista, que se teña a ben dunha vez por todas elaborar e traer para a súa aprobación inicial un documento de plan xeral.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: tomamos nota do asunto. Pensei que era unha pregunta pero si é un rogo pois atendémolo; quero dicir, tomamos nota do rogo, outra cousa é que non fagamos caso do rogo, que é outro tema, pero tomar nota do rogo si.

O **Sr. Mosquera Lorenzo**: É que a estas alturas, creo que xa se falou antes, pero iso de falar de cheques en branco, sobres en branco, sobres cheos e tal, queda mal.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente dá por finalizada a sesión, sendo ás 13:30 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.